

paradela

A Asociación de Mulleres de Paradela organiza a primeira 'KDD Shots on the road'. **Páx. 16**

láncara

A CHMS adxudicou as obras de substitución da nova ponte sobre o río Sarria. **Páx. 17**

o incio

O Concello adxudicou o servizo de atención no fogar á única empresa que se presentou. **Páx. 18**

samos

O colexio conta cunha nova rampla para a accesibilidade ao parque infantil e á pista. **Páx. 19**

triacastela

Falamos coa investigadora da Facultade de Veterinaria Sara Ruiz Rubio. **Páx. 20**

Chegou o Entroido

Todos os concellos da comarca prepáranse para desfrutar da festa, das máscaras, das filloas e dos xantares típicos de cocido



Analizamos as eleccións galegas polo miúdo

O 18 de febreiro serán os comicios nos que se escolle ao presidente galego. **Páx. 11-14**

Volve ao Pleno da Deputación a Sanidade

Esixe á Xunta que poña fin "á destrución da sanidade pública" con investimentos. **Páx. 23**

Reyes Fernández



A fotógrafa sarriá quedou finalista nun certame. **Páx. 4**

A oposición fala



Benjamín Escontrela é o voceiro socialista desde 2023. **Páx. 8**

Descenso no Páramo



O Campionato de Descenso DH Molinos xa ten data. **Páx. 22**

O patrimonio románico en Sarria

O PP conseguiu unir aos catro partidos con representación para dar a coñecer o románico. **Páx. 6**

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

SARRIA

O 30 de marzo celebrarase a II comida confraternal dos veciños do barrio das Casetas



A II edición da comida anual de confraternidade dos veciños e veciñas do barrio das Casetas de Sarria celebrarase o vindeiro 30 marzo, despois da boa acollida que tivo a primeira edición, o ano pasado.

Así, daquela xuntáronse 150 persoas, que compartiron un xantar no que houbo polbo, igual ca este ano, que será servido por Pulpería Marisol, e tamén haberá sesión vermú

acompañada da actuación musical duns gaiteiros da zona, así como haberá baile e máis sorpresas.

A intención é celebrar esta iniciativa na rúa Diego Pazos, igual ca o ano pasado e para iso haberá que pechar a rúa e instalar unha gran carpa que acolla ás persoas participantes, que desde a organización esperan que sexa similar á do ano pasado.

A II Concentración Moteira de Sarria Bikers será en maio

Trala boa acollida e participación que tivo o ano pasado a primeira concentración moteira de Sarria Bikers, este ano os seus organizadores veñen de anunciar que van volven repetir a iniciativa.

Así, a segunda concentración moteira de Sarria Bikers terá lu-

gar os vindeiros 10, 11 e 12 de maio na vila de Sarria, que incluírá rutas turísticas polos concellos da comarca.

Ademais, nesta nova edición, haberá tamén bolsa de benvida, concertos, xogos novos, pinchos e moito máis por descubrir, sorpresas que non queren desvelar.

O día 11 terá lugar o concurso e desfile de disfraces de Entroido



O Concello de Sarria xa está ultimando os preparativos para recibir o Entroido a través do concurso e o desfile de disfraces, carrozas e comparsas, que se celebrará o día 11 de febreiro e repartirá un total de 6.050 euros en premios.

Así, todas as persoas interesadas en apuntarse nalgunha das categorías que figuran no cartel, poden consultar as bases do concurso e descargar o formulario de inscrición na páxina web do Concello.

Para formalizar a inscrición no concurso, é preciso presentar dito formulario, correspondentemente cuberto, antes das 00.00 horas do día 7 de febreiro no Rexistro Xeral do Concello ou ben envialo por correo electrónico ao enderezo cultura@sarria.gal.

PREMIOS. Segundo a categoría na que se participe, haberán diferentes premios. Así, con respecto aos das carrozas, haberá un primeiro

premio de 800 euros, un segundo de 600 euros e un terceiro de 300 euros. Con respecto ás comparsas, os premios serán os mesmos, pero engadindo un cuarto de 150 euros.

Con respecto aos premios de fóra da comarca, estes serán de 450 euros para a primeira carroza gañadora, de 300 euros para a primeira comparsa gañadora, de 150 euros para a segunda comparsa gañadora e de 150 euros para o individual de 1 a 3 compoñentes, aínda que tamén haberá, para esta categoría, un segundo premio de 100 euros e un terceiro de 60 euros. Mentres, na categoría de individual infantil haberá un primeiro premio de 120 euros e un segundo de 100 euros.

Por último, haberá un premio de mellor música en vivo de 200 euros e accésits, que irán para a mellor comparsa infantil, de 250 euros, un para a comparsa máis animada de máis de 50 compo-

ñentes, de 200 euros, unha da comparsa máis animada de 4 a 50 compoñentes, de 150 euros, un para o participante máis animado, de 60 euros e, para rematar, un á mellor crítica de actualidade, de 60 euros.

LA UNIÓN. La Unión acolle dous eventos co fin de festexar o Entroido con actividade para os máis pequenos e os maiores do Concello de Sarria.

A primeira delas é un xantar de entroido que terá lugar o vindeiro sábado, 10 de febreiro, ás 14.00 horas, exclusivo para socios e con reserva previa, que ademais de incluír a comida, haberá sobremesa e festa con baile co Dúo Tropical.

A seguinte será unha festa infantil de Entroido o vindeiro luns, 12 de febreiro, con entrada libre e aberta para todos os que queiran participar, que deberán ir disfrazados e desfrutar dunha tarde de animación infantil e chuches.



Nuestros clientes ya están viendo sus resultados



Tratamientos capilares en Lugo, sin injertos ni dolor

En nuestro centro Bajo Cero Lugo nos dedicamos al cuidado capilar con un innovador tratamiento, "la crioterapia".

Esta técnica no invasiva e indolora, activa y estimula las células madre ayudando a la construcción, regeneración y reparación de nuevo tejido de forma natural.

El tratamiento consta de diferentes fases que ayudan a estimular el cuero cabelludo con un ingrediente muy especial "El Frio".

La crioterapia capilar nutre, hidrata, purifica y revitaliza el cabello

Combate la caída del cabello, la dermatitis, la caspa y la seborrea

Pide tu diagnóstico con higienización incluida

GRATIS!

669 692 734

Avda. de la Coruña, 150 bajo. 27003 Lugo

Bajoero
crioterapia capilar

Aprobada a moción do PP para eliminar as barreiras arquitectónicas

Os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Sarria recollen as queixas dos veciños e veciñas ante o mal estado das beirarrúas na vila, xa que din que “as baldosas están levantadas en moitos puntos e resulta molesto e ata perigoso para os viandantes”. Así, a través da portavoz Carmen José López, esixiron ao Goberno de Camiña Sarria que “revise e repare as beirarrúas onde sexa preciso para garantir a seguridade dos peóns”, e lamenta que “o desinterese do Goberno chegue ata o punto de non ocuparse dos asuntos máis sinxelos do día a día dos veciños e veciñas en cuestións que son competencia municipal”.

Probablemente, engade, “parece que hai unha ausencia total de interese en xestionar debidamente os asuntos que afectan directamente aos sarriaos, ao seu benestar e, incluso, á súa seguridade”.

Esta moción foi aprobada cos votos a favor do PP, PSOE e BNG e coa abstención de Camiña Sarria.

RÚAS EN MAL ESTADO. A voceira



popular sinala o estado de beirarrúas a rúa Músico Chané ou Diego Pazos, entre moitas outras, e destaca, como “unha mostra máis do desinterese que incluso o semáforo que se atopa no cruce da rúa Matías López coa rúa Formigueiros leva meses sen estar operativo a pesar de tratarse dunha zona con moito tráfico”.

A popular explica que “esta situación non se debe permitir nunha vila coma Sarria”, “merecemos unha vila coidada e atendida e, por suposto, segura e comfortable”. De feito, incide en que “a seguridade dos nosos

veciños e veciñas debe ser prioritario para o goberno local”.

Carmen José López agarda que “o Goberno de Camiña Sarria tome nota”, aínda que “non temos moitas esperanzas, xa que fixo caso omiso á moción sobre accesibilidade presentada polo Grupo Municipal Popular na que se facían constar entre outras, este tipo de deficiencias. A pesar de resultar aprobada no Pleno do pasado mes de agosto, o Goberno local non fixo nada por eliminar as barreiras arquitectónicas. Está a incumprir un acordo plenario”, remarca.

Hospitaleros Sin Fronteras está a construír un centro integral en Senegal



Un grupo de voluntarios da ONG Hospitaleros Sin Fronteras de Sarria acaba de volver de traballar en Senegal nun centro integral solidario para nenos e nenas talibés. As instalacións atópanse en Malicounda, nun lugar que mercaron desde a ONG co fin de promover este proxecto, que disporá de consulta médica, aulas para dar clase aos nenos e nenas de diferentes oficios; así como tamén terá cociña, almacén e camas para acoller aos voluntarios da ONG.

Ademais deste grupo, saíu cara a Senegal outro diferente o día 6 e o terceiro irá o día 2 de febreiro e volverá o 9 de febreiro, formados os tres maioritariamente por sarriaos, pero tamén por persoas de Murcia, Zaragoza e Burgos. A intención con estas actuacións por parte dos tres grupos de voluntarios é conseguir poñer en marcha estas instalacións o ano que vén co fin de mellorar así a vida dos menores que viven en daaras e que mendigan polas rúas.

Sarria acolle diferentes actividades en febreiro

O Concello presentou a súa programación cultural na Casa da Cultura para o mes de febreiro. Así, despois do Entroido e antes das eleccións autonómicas, o 16 terá lugar a presentación do libro ‘El viaje al fin del mundo’, o sábado 24 proxectarase a película ‘Liga de Supermascotas’ e o domingo 25 ás 20.00 horas terá lugar a función de Tarabela Creativa ‘Boa sorte, mala fama’.

BURIL. O Buril acolle un concerto para o vindeiro 10 de febreiro organizado por Dark Age Works baixo o nome de ‘25 years of Cult and Devotion’.

Neste evento as persoas que se acheguen a partir das 21.00 horas poderán disfrutar da música rock de tres grupos de música, Humanart, Corteza Inhumana e Mugre.

O 2 e 3 de marzo celebrarase a nova edición da Festa do Cocido Porco Celta

Os días 2 e 3 de marzo celebrarase unha nova edición da Festa do Cocido Porco Celta da comarca de Sarria, que chega a súa décimo sexta edición.

Prevía a esta cita gastronómica haberá unha reunión o xoves 1 de febreiro no salón de plenos do Concello para ultimar os detalles.

Así, as persoas e grupos inte-

resados en disfrutar do cocido poderán facelo en algún dos establecementos colaboradores, e que o ano pasado foron o Hotel Alfonso IX de Sarria, o Hotel Roma de Sarria, o Chanto de Sarria, o Camping Vila de Sarria, e o Hotel a Veiga de Samos.

Ademais, tamén se puideron degustar tapas e racións de porco celta noutros nove estable-

mentos de Sarria (D’Orixen, Barullo, Don Pepe, La Taza Dorada, El Parisián, 8mm, As the Picas, El Faro, DP Cristal) e un de Samos (Cantina de Renche).

A festa do Cocido conta co patrocinio de Embutidos y Salazones Teijeiro, Panadería Pallares, Panadería Regueiro, Panadería Caldas e Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta.

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

“O meu proxecto futuro é seguir traballando e evolucionando”

Reyes Fernández, fotógrafa sarriá que vén de quedar finalista no certame International Wedding Photographer of the Year (IW POTY)

De onde vén o seu amor pola fotografía?

Pois supoño que da combinación de diferentes factores, entre eles o feito de que son moi sociable e por iso gústame moito estar rodeada de xente, de balbordo, de alegría; e na maioría dos nosos eventos temos moito diso: alegría de parellas que casan, emoción e xogos de nenos en bautizos e comuñón, diversión coas nosas parellas en prevodas e outro tipo de sesións... Considérome unha persoa bastante empática e a fotografía en parte consiste niso, en capturar as emocións. Outro dos motivos é o meu amor pola natureza, polas paisaxes, polo mar... que son moitas veces os outros grandes protagonistas da miña fotografía.

Ten algo que ver co lugar de onde vén, Sarria?

Un dos motivos principais de que eu me dedique a isto foi indubidablemente a profesión do meu pai e meu avó, tamén fotógrafos e fundadores de Júpiter. Meu avó foi o primeiro fotógrafo da familia, e polas súas mans pasaron moitas das fotos de vodas e incluso moitas das dos carnés de identidade dos nosos veciños da comarca de Sarria. Pouco máis tarde uniuse meu pai á profesión e tamén ao negocio que xa se estaba a converter no “negocio familiar”. Coa súa chegada aportou, como pasa en todas as artes, que son viventes e cambiantes; frescura e unha nova perspectiva ás fotografías e ao xeito de traballar. E nese ambiente criámonos, entrando e saíndo polo estudo, vendo a ilusión dos clientes, charlando coa xente, escoitando.

Como comezou a súa andaina na fotografía?

Ver o traballo do meu pai e meu avó sempre me gustou, e chegada unha idade espertou o meu interese por aprender a facer o que eles facían e fundilo con outras inqUEDANZAS que eu tiña, como viaxar e coñecer o mundo, e ser capaz de capturar as cousas que hai nel. Así, comecei a practicar, a aprender e a colaborar con el nos traballos e ata o día de

pois isto é un traballo moi cambiante. Pero, dende logo, a constante sempre foi seguir os pasos de meu pai, ao que lle agradezo de todo corazón por terme ensinado tanto.

Na actualidade, fotografou algún lugar de Sarria que cre que mereza a pena ensinar?

Cando comecei coa fotografía practicaba a miúdo por Sarria. O meu lugar favorito para perderme coa



hoxe. No camiño, fixen cursos e seminarios para beber de diferentes fontes, falar cos compañeiros de profesión é tamén algo moi valioso para o camiño de aprendizaxe, que facemos, que non remata nunca,

miña cámara era o paseo das Aceas. Aínda que a retrato menos do que debera, penso que moitas veces cometemos o erro de esquecernos de retratar o cotián, o noso día a día. A nivel laboral si que é frecuente



que faga sesións en Sarria e a súa contorna, especialmente sesións infantís.

Que motivos adoita fotografar e por que?

Non sabería dicir cal é a miña temática favorita, pois gústame a fotografía en xeral. Encántame levar a miña cámara ás viaxes e retratar diferentes culturas e paisaxes. Traballando tamén desfruto moito, son consciente de que estou a crear un recordo dalgún momento importante para alguén, involucráste e conectas coa xente para tentar que todo saia sempre o mellor posible.

Cantos premios recibiu polas súas fotografías? Cales foron e con que motivo?

Tiven sorte, dende 2017 ata este ano levo 16 fotografías finalistas e unha mención de honra. Cando presento algunha fotografía a un certame, tómoo como un reto persoal. Tamén creo que é unha forma de dar a coñecer o meu traballo dada a repercusión que teñen este tipo de certames. Quedei finalista varios anos con diferentes fotografías no certame nacional de vodas UNIONWEP e recibín unha mención de honra e unha nominación no certame internacional B&W CHILD PHOTO COMPETITION. A maior alegría foi

quizais a deste ano, ao quedar finalista no certame internacional International Wedding Photographer of the Year (IW POTY). Quedei de finalista na miña categoría entre fotógrafos moi coñecidos a nivel internacional, como por exemplo The Kitchens, Fabio Mirulla ou The Apartment Photo.

Como se sentiu ao sabelo?

Nerviosa, estaba traballando e cando recibín a noticia desconcertoume totalmente. Sabía que aquela fotografía tiña algo especial, pero non me imaxinaba que podería ser unha das finalistas nun certame tan importante a nivel internacional no sector nupcial.

Que proxectos de futuro ten por diante?

O proxecto máis próximo co que estou bastante ilusionada é unha editorial que estou organizando para febreiro coa deseñadora galega Sara Lage, xunto con Guirnalda, Iria Carro e Ana Vilar. É un equipo de grandes profesionais e espero poder estar á altura para reflectir os seus maravillosos traballos. O nerviosismo de estar á altura sempre viaxa comigo na mochila da cámara a todos os meus traballos. O proxecto futuro é seguir traballando, evolucionando e creando.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com



Ti elixes... Comida a domicilio



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50%

en la segunda pizza familiar

-25%

en la segunda pizza mediana

Martes

Familiar de Jamón o Bacon

8€

Reservación por WhatsApp con código QR




Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balco Sarría
Tel. 982 012 026

CAFETERIA

100



SERVICIO A DOMICILIO

Tel. 982 530 021






Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)





... Comida para recoller







CERVECERÍA ESPAÑA

¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

CERRAMOS LOS MARTES

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...
VARIEDADES DE TOSTAS... **COMIDA PARA LLEVAR**

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

CAFETERÍA EL PARISIEN

Comida para llevar





Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA






Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580 cafebarcubano

COMIDA PARA LLEVAR



1º PREMIO
XV CONCURSO DE TAPAS
TAPICHEO'22





Aprobado un decálogo de medidas que esixe o Goberno de Camiña Sarria

Camiña Sarria presentou no pleno do Concello un decálogo de demandas dirixidas á Xunta de Galicia, o Goberno Central e á Deputación de Lugo, no que se integran proxectos e reivindicacións históricas do municipio.

Entre as propostas, inclúense a incorporación da residencia de maiores á rede de xeriátricos da Deputación de Lugo ou a concertación de 30 prazas ao ano para usuarios dependentes do centro; piden a rehabilitación do Muíño do Toleiro, financiamento para a construción dun auditorio na antiga fábrica Feculera e a creación de novo solo industrial no polígono de Morelle.

Tamén piden dotar a Sarria de

fondos públicos para instalar un parque acuático no Chanto, a rehabilitación da Ponte Vella e das rúas autonómicas Matías López, Marqués de Ugena, Porvir e Lázaro.

Por último, esixen a mellora da estación de tren e que Sarria sexa parada obrigatoria do AVE. Piden tamén aportacións para a celebración da festa de San Xoán.

O partido que goberna na vila denominou esta moción como “unha chamada de atención” e foi aprobada no pleno, pero porque nin sequera se deu opción a votala.

Así, a oposición pediulle a Garrido que “se dedique a traballar e presentar proxectos ante as administracións se quere conseguir obxectivos, en vez de escribir cartas aos Reis”.

Os concursos de fotografía e microrrelatos do Concello de Sarria deixaron moitos premios

A IV Edición de Fotografía ‘Desde Sarria con Amor’ e a I Edición do concurso de Microrrelatos deixaron varios premios para os gañadores, polas súas fotografías e os seus escritos.

Así, no caso do concurso de fotografía, o primeiro premio foi para Pablo Amancio Paradela Fernández, cun valor de 250 euros; o segundo premio foi para Dolores Castro López, cun premio de 150 euros; o terceiro foi para Paula Sánchez López, cun valor de 150 euros, e o cuarto foi para Víctor Manuel

Armesto López, con 50 euros.

Pola súa parte, no concurso de microrrelatos, houbo dúas categorías, a xuvenil de menos de 17 anos, na que foron premiados Amara Alvaredo Casar, con 250 euros, e Santiago Díaz López, con 200 euros; e a adulta, na que Naila María González Rodríguez. recibiu o primeiro premio de 250 euros, mentres que María Casar Díaz recibiu o segundo con 200 euros, Marta López Martínez o terceiro con 100 euros e María Raquel Arias Arias con 50 euros.

Aprobada a moción do PP para dar a coñecer o románico do municipio



O Grupo Municipal do PP de Sarria conseguiu unir aos catro partidos con representación, que votaron a favor da moción popular para crear, sinalizar e dar a coñecer o románico do municipio de Sarria.

Carmen José López, portavoz do PP, insistiu durante o pleno en que esta iniciativa servirá para atraer visitas e que o turismo deixe de ser estacional, é dicir, que haxa durante todas as épocas do ano; así como promover ampliar a estancia dos peregrinos e estender este éxito turístico a outros municipios polos que pasa o Camiño Francés. Así, o BNG apoia a iniciativa, xa que eles tamén levaban esa proposta no seu programa, pero engadiron que se deberían organizar tamén visitas guiadas ao patrimonio románico. Mentres, o PSOE tamén votou a favor e reclamou paquetes turísticos.

Pola súa parte, Camiña Sarria, que votou a favor, quixo sinalizar que o portal de turismo do Concello difunde 20 igrexas románicas da

zona e que están traballando na sinalización e experiencias a través de tecnoloxía.

MOTIVACIÓNS. Os populares defenden que esta Ruta do Románico de Sarria é unha “medida e acción para a diversificación e desestacionalización do turismo e a posta en valor do patrimonio do municipio, promovendo o coñecemento da arte e a arquitectura románica que se atopan nas distintas parroquias e núcleos que integran o Concello de Sarria”, defenden.

Ademais, sosteñen que contribuirá a “atraer visitas”, ampliando a temporada na que se concentra o turismo en Sarria e “ofrecendo aos visitantes outro atractivo máis”. Esta medida tamén favorecería, segundo destaca a portavoz, Carmen José López, que “os miles de visitantes que escollen Sarria para iniciar o Camiño de Santiago amplíen os días da súa estancia para coñecer o importante patrimonio histórico, natural, cultural e paisaxístico deste territorio”.

POTENCIAL. Nese sentido, tamén “permitiría estender a repercusión turística que ten o Camiño Francés para a vila a máis núcleos e áreas do municipio, ao visibilizar e promocionar tamén con esta ruta o románico rural”.

“A arquitectura e arte románica son probablemente un dos principais exemplos, no Camiño de Santiago Francés”, explica López, que incide en que “esta corrente artística dos séculos XI, XII e parte do XIII salpicou Sarria de multitude de construcións que son testemuñas da nosa historia e que teñen un importante potencial turístico”.

Polo tanto, “o Camiño de Santiago trouxo a Sarria novas correntes artísticas no seu momento que hoxe poden contribuir a complementar os atractivos desta ruta no noso municipio”.

Os populares demandan así máis implicación por parte do goberno local para impulsar iniciativas que dinamicen e diversifiquen o sector turístico en Sarria.

**VOTA
BESTEIRO**
PSG/♥PSOE

**DESTA
VAI!**

“Hai problemas de pelo cada vez a idade máis temperá”

Sara é a xerente do centro Bajo Cero, situado en Lugo, e especializado en tratamentos capilares e o coidado do cabelo e o coiro cabeludo

Como xorde esta empresa?

Traballo no sector da perruquería desde hai 20 anos e incorporamos ao noso salón de peiteado a crioterapia porque era moi necesario. Co paso dos meses, os resultados comezaron a verse e o aumento de clientes fíxenos apostar por esta nova aventura.

Usan a técnica da crioterapia capilar, en que consiste?

A crioterapia capilar é unha técnica non-invasiva que se utiliza para a recuperación capilar, dermatite, seborrea... É un tratamento que aproveita os beneficios do frío para tratar as alteracións do coiro cabeludo.

Que máis ferramentas e tecnoloxías utilizan para facer o tratamento?

A crioterapia capilar ten tres pasos, nos que se utilizan produtos naturais para hixienizar, nutrir e estimular. Non usamos ningún tipo de agullas nin nada polo estilo, dicímolo porque moita xente é o primeiro que nos pregunta. Trátase

dun tratamento totalmente natural e indoloro.

Como é o proceso desde a primeira consulta, o proceso técnico e o resultado final?

Na primeira consulta realizamos un diagnóstico gratuito no que se valora o tipo de problema e oriéntase ao cliente das pautas a seguir tanto en sesións como no mantemento a realizar por eles mesmos na casa. Ao ser un tratamento natural, é lento, xa que o ritmo o marca o metabolismo de cada persoa. Ao igual que o número de sesións e o espazo de tempo entre elas variará en función de todos estes factores. Non se pode indicar un número concreto de sesións pero si dicir que o tratamento mínimo é dun ano e chegar aos tres. Despois de chegar ao resultado desexado, realízase unha sesión de mantemento cada tres meses.

Hai moitos problemas de pelo?

Si que os hai e cada vez a idade máis temperá. A falta de nutrientes na

alimentación, o ritmo da vida, o non ter coñecementos dos coidados necesarios para ter unha boa saúde do coiro cabeludo... todo iso lévanos a atoparnos con xente de moi nova. A prevención destas alteracións é algo que temos ao alcance agora mesmo coa crioterapia. Por poñer un exemplo, no momento no que apareceron os dentistas, os primeiros pacientes acudían á consulta con serios problemas de saúde dental e a día de hoxe vaise ao dentista desde moi pequenos para previr eses problemas. Coa crioterapia é algo similar, estamos empezando agora con clientes que acoden a nós cando existe un problema capital, pero nuns anos a xente acudirá para levar a cabo esa prevención.

Como é o trato co cliente?

Intentamos manter unha comunicación fluída e próxima para que o cliente se sinta o máis cómodo posible e entenda todos os pasos nos que consiste o tratamento.

Como é o tipo de cliente?

Temos todo tipo de clientes, desde



nenos ata avós, tanto homes como mulleres. É un tratamento que se pode realizar a calquera idade sen contraindicacións, polo que chegamos a ter clientes tamén con certas enfermidades. No 90 % dos casos, os clientes son fieis e cumprimos coas expectativas que traen, porque tamén eles son constantes e aplicados cos deberes que lles enviamos a casa. Este tratamento é un 50-50 entre o cliente e o crioterapeuta.

Que aspectos valoran máis deste sector?

Este sector, en xeral, é moi próximo co cliente e ademais a nós gústanos selo para poder chegar a entender o 100 % ao cliente, o que quere e

necesita, e poñernos na súa situación para así chegar a un fin bo para todos.

Cales son as novidades que haberá no futuro?

As novidades son todas, xa que en case dous anos que levamos traballando en crioterapia estamos en constante evolución, xa que é algo moi novidoso e no día a día vanse mellorando e ampliando os coñecementos, así como os produtos e as técnicas.

Avda. da Coruña, 150, Lugo

982 201 130 - 669 692 734

info@centrosbajocero.es



¡BIENVENIDO AL CAMBIO DIGITAL!

Soluciones digitales para que tu negocio crezca, ¡Desde 2.000 € hasta 12.000 €!

El Programa Kit Digital es una iniciativa lanzada por el Gobierno de España, con ayudas de entre 2.000€ y 12.000€, cuyo principal objetivo es subvencionar y ayudar a las PYMES en la implementación de soluciones digitales para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

Servicios relacionados con el Kit Digital:


- Diseño de página web y presencia en Internet
- Diseño de tienda online y comercio electrónico
- Gestión de redes sociales

Somos mucho más que una agencia de publicidad
Somos tus agentes digitalizadores en Sarria (Lugo)

C/ Matías López N°38, Bajo G · (+34) 621 29 13 53 · www.aitorsl.com



red.es



Benjamín Escontrela é voceiro socialista desde 2023, cando se presentou como candidato á Alcaldía

Benjamín Escontrela, portavoz do PSOE desde 2023, xa que antes formou parte do partido Galicia Sempre, co que estivo no Goberno de 2019 ata que o cesaron a finais do 2022, agora representa á oposición socialista no Concello, un labor de “control e limitación do Goberno”.

Escontrela, que de profesión é médico, iniciouse na política da man de Antón Fortes e no partido político Compromiso por Galicia (CxG) no municipio a onde pertence, Sarria. Con este partido, tanto Antón Fortes como Benjamín Escontrela entraron no Goberno municipal tralas eleccións do 2015, no que o partido conseguiu tres concelleiros.

Porén, no 2016 Compromiso por Galicia expulsou tanto a Antonio Fortes como a Benjamín Escontrela do partido “dunha forma nada transparente nin legal”, explica Escontrela. Así, Benjamín buscou outra opción política, xa que seguía tendo interese por este ámbito, e así adheriuse a Galicia Sempre, chegando a presentarse como cabeza de lista nas eleccións de 2019, nas que conseguiu formar parte do Goberno xunto con Camiña Sarria.

Nese período, entre 2019 e 2023, Benjamín Escontrela foi o responsable dos Servizos Sociais do Concello ata que a finais de 2022 o alcalde Garrido anunciou o cesamento deste concelleiro polas “gravísimas irregularidades coa falta de contratación de conciliación”, segundo Garrido, e polo “rumor de que eu ía a encabezar a lista do PSOE nas eleccións do 2023”, segundo Escontrela.

Así, “comezou un ataque e unha persecución política xudicial contra a miña persoa”, critica o portavoz socialista, “que se mantén ata o día de hoxe”.

Para Benjamín Escontrela, o labor da oposición consiste en controlar



e limitar o Goberno, así como ser unha alternativa para formar novos gobernos. Así, di que “hai que dialogar, inspeccionar de preto ao Goberno, controlar os procesos; pero tamén ser unha esperanza e unha alternativa, denunciando a instancias xudiciais cando sexa necesario”. Por outra parte, di que a oposición tamén debe “propoñer alternativas edificantes, garantir o cumprimento das dilixencias, cooperar, criticar, investigar o equipo de goberno, e tamén debe haber colaboración, xa que se hai dialogo por parte do Goberno coa oposición, pódese chegar a acordos”.

Concretamente, di que o labor da oposición non é igual en todas partes, xa que “depende e inflúe moito como son os equipos de Goberno” e aquí, no Concello de Sarria, di que “aquí o equipo de Goberno fai o que lle dá a gana, entón é máis complicado chegar a acordos”. Así, sostén que “aínda estando en minoría, non hai dialogo, non hai respecto pola oposición porque a forma de actuar deste alcalde é ditatorial”.

Porén, Benjamín Escontrela defende que a pesar desta situación, o PSOE está a facer cousas por mellorar a vida dos veciños e veciñas de Sarria, xa que “contamos co apoio da Deputación de Lugo e a comunicación é continua, polo que promoveremos unha serie de actividades e iniciativas que van ir encamiñadas á saúde, así como máis cousas”, xa que o Con-

cello de Sarria “ten moitas necesidades”.

Segundo Escontrela, as necesidades do Concello de Sarria son: a reforma do edificio da residencia de anciáns e a súa ampliación, xa que “90 prazas para un Concello e comarca como é Sarria son poucas”, explica; unha boa alternativa cultural, deportiva e social, “como na miña etapa, que puxe-

mentar a comunicación fluída entre a zona rural e o urbano, facer actividades para todo o mundo, incluído o rural, para facelos partícipes e contar con eles para todo”, conclúe.

POLÍTICA NA VIDA PERSOAL. Para Benjamín, estar involucrado na política do seu Concello ten como beneficio promover que “se fagan as cousas como se teñen que facer no municipio, con transparencia, dilixencia, ética e responsabilidade”. Por outra parte, di que tamén ten prexuízos a nivel persoal, porque “a xente non entende o que fas e as persoas tómanse as cousas a nivel persoal cando é unha cousa política, e son cousas que hai que pagar por ser político, hai que convivir con iso”. Ademais, engade que “inflúe moito se o equipo de Goberno, en vez de aceptar o que lle dis, tómano a mal e intenta desacreditarte e intenta infravalorarte”. En definitiva, di que “é unha anomalía, porque o comportamento deste alcalde non é normal”.

Con respecto aos obxectivos de futuro, Escontrela di que desde o PSOE seguirán controlando as funcións do Goberno e fomentar que se fagan diversas tarefas e execucións, pero sempre “con transparencia e axustadas á lei”, permitindo o acceso a información, xa que lembra que se aprobou nun pleno que hai que dar a información por vía electrónica ao representante político que a pida.

“A oposición tamén debe propoñer alternativas edificantes, garantir o cumprimento das dilixencias, cooperar, criticar, investigar o equipo de goberno, e tamén debe haber colaboración”

“Estar involucrado na política do Concello ten como beneficio promover que se fagan as cousas como se teñen que facer no municipio, con transparencia, dilixencia, ética e responsabilidade”

mos a andar a atención tempera, o banco de alimentos, o servizo de madrugadores...”. Así, di que “o que máis lamento é non poder ter feito o da residencia, porque é un obxectivo prioritario para o pobo de Sarria”. Por outra parte, di que hai que “impulsar o servizo da recollida do lixo, potenciar o medio rural, as pistas, a iluminación, poñer en marcha o CIM, mellorar as pistas rurais para fo-



SARRIA, unha comarca con sabor



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO

Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

**A Pulperia
do Luis**

**Mesón
do Castro**



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com

Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

Os informes sobre a situación do matadoiro serán enviados á Fiscalía

Os informes sobre o estado do matadoiro de Sarria serán trasladados á Fiscalía despois de que fora aprobada por unanimidade a proposta do alcalde, Claudio Garrido, na última reunión da comisión de investigación sobre a situación do matadoiro.

Así, os informes de Tesouraría, Intervención e Secretaría sobre a recadación da taxa polo servizo do matadoiro, así como a documentación recollida nas diferentes reunións e na propia investigación da comisión serán postos a disposición da Fiscalía. Ademais, o informe de Intervención sobre as anomalías na xestión económica do matadoiro tamén será entregado ao Tribunal de Contas.

Por outra banda, Garrido, que non quixo comparecer na comisión de investigación ao ter che-

gado a esta resolución, acordou cos demais partidos políticos non clausurar a comisión, aínda que as vindeiras reunións serán só en función de novas informacións e sen marcar unha data, o que Carmen López, portavoz popular, describe como "excluínte, xa que só el decide agora cando se fan".

"ACTITUDE DITATORIAL". Pola súa banda, desde o PP sosteñen que a actitude do alcalde volveu ser "ditatorial", xa que non quixo responder ás dúbidas dos demais concelleiros e que o rexedor non permitiu votar a proposta entre o resto de portavoces da comisión. No seu caso, o PSOE engade que o feito de non responder ás preguntas dos demais integrantes da comisión mostra "unha falta total de transparencia" e de ter "algo que agochar".

A Plataforma de Afectados do IBI de Sarria convocará unha reunión para falar do 'catastrazo'

A Plataforma de Afectados do IBI de Sarria cren que están na mesma situación que a Plataforma Veciñal contra o Catastrazo de Salceda de Caselas, xa que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou o catastrazo deste municipio e o Concello deberá devolver 1,2 millóns de euros a 5.000 veciños.

Así, o TSXG entende como urbanos uns terreos que están cualificados como rurais e a anulación prodúce-

se como resposta a un dos veciños afectados, incluído na Plataforma Veciñal, unha agrupación de máis de 120 veciños que presentaron demandas no 2021 pedindo a anulación dos cambios polos que o Concello pasaba a considerar a efectos fiscais como urbanos diferentes núcleos rurais tradicionais. Isto supoñía que pasaban a pagar como terreos urbanos, pero sen ter as dotacións propias dos espazos urbanizados.

O taller de emprego está a mellorar o cemiterio municipal

O alumnado do obradoiro de emprego Camiño de Santiago IV de Sarria, composto por 20 persoas traballadoras, dous monitores, unha administrativa e o propio director, Mayo López; está a desenvolver labores na capital sarriá.

Así, están a mellorar o vello cemiterio municipal a través do acondicionamento do camiño central cun empedrado de lousa dende a entrada ata a antiga sala de autopsias; que se atopa na ruta xacobeá, onde tamén farán obras seguindo co traballo feito no taller de emprego anterior.

Así, non chan colocárase pezas de granito e a cuberta será renovada con lousa e madeira que está sendo preparada polo módulo de traballadores de carpintería, que tamén



arranxarán a porta principal de acceso á Casa do Concello e a carpintería exterior da antiga prisión comarcal, no Camiño Francés.

Por outra parte, a entrada ao cemi-

terio tamén será mellorada a través da construción dunha praza con empedrado de lousa co fin de evitar que estacionen vehículos e tamén embeber a zona.

UXT denuncia a situación dos traballadores encargados do lixo

O sindicato UXT denunciou a situación de "precariedade" dos traballadores da empresa que se encarga da recollida do lixo en Sarria.

Así, desde o sindicato indícase que a maquinaria coa que se realizan as funcións de recollida está "obsoleta", o que podería chegar a afectar á seguridade incluso dos máis de 15 traballadores que desenvolven os seus labores diarios no municipio.

Ademais, a situación laboral tampouco é mellor, xa que segundo indican desde UXT, as xornadas de traballo son continuas os 365 días do ano, sen deixar un descanso de 48 horas, polo que están pensando en poñer en marcha medidas xudiciais.

Pola súa parte, desde o Concello explican que o contrato para a recollida



de residuos sólidos urbanos, que caducou en 2020, o van sacar a licitación, para o que hai xa unha partida dos orzamentos gardada.

PP. O PP de Sarria considera "inaceptables as escusas do Goberno municipal. Así din que xa en setembro do 2020 o Goberno defendeu que non podía licitar o contrato ata que se aprobasen os orzamentos, pero en 2022 se aprobaron uns novos orzamentos e, a pesar diso, "o goberno continúa sen regularizar a situación". López lamenta que "agora volvan escudarse de novo nos orzamentos cando o Goberno é plenamente consciente de que o único responsable de que o contrato continúe nesta situación é a súa pésima xestión deste asunto". Engaden que "non é un caso illado, xa que hai outros contratos caducados que supoñen un incumprimento evidente e grave da legalidade".

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

CARNICERÍA



Noda



TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •



DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

A parroquia sarriá de Louseiro tamén festexa o Entroido

A Asociación Cultural Os Gorriós de Louseiro celebra a súa festa de Entroido o vindeiro luns, 12 de xaneiro, a partir das 18.00 horas con diversas actividades.

Así, terá lugar un baile infantil que contará con agasallos para todos os participantes e haberá tamén comida para picar durante a tarde, tanto para os nenos como para as súas familias.

Por outra parte, pola noite, a partir das 23.00 horas terá lugar o Entroido tradicional na escola de louseiro, ao que poderán acudir disfrazados todos os que queiran, poden desfrutar da música do solista Jose Manuel, da Orquestra Abanico.

ELECCIÓN Á XUNTA

Galicia elixe o seu Goberno

O 18 de febreiro serán os comicios nos que se escolle ao presidente galego, que de cambiar sería o oitavo

En Galicia
celebráronse xa
once eleccións á
Xunta desde o
ano 1981

O 18 de febreiro haberá eleccións en Galicia para escoller aos representantes no Parlamento e con elas ao próximo presidente da Xunta, que podería ser o oitavo logo de once convocatorias.

Alfonso Rueda anunciou días antes do Nadal, ao finalizar o Consello de Goberno, a cita electoral. Esta declaración chegou nun momento no que o entón presidente da Xunta recibía presións por parte dos dous partidos maioritarios na oposición, especialmente polo PSOE. Ademais, este adiamento coincide tamén co debate pola aprobación da lei da amnistía. A data coincide tamén coa celebración do Entroido, unha das festas máis destacadas en Galicia, en especial nalgúns zonas como Ourense. Mentres a data parecía que traería queixas por parte dos partidos, ao final, este adiamento foi do gusto de todos os partidos. Para Galicia serán as duodécimas



eleccións logo do paso de oito presidentes, seis do PP e dous do PSOE. Actualmente o arco parlamentar está formado por 42 representantes do PP, 19 do BNG e 14 do PSOE.

Son varias as particularidades destas eleccións, nas que por primeira vez desde 2009 o candidato do Partido Popular non é Alberto Núñez Feijoo, que deixou a presidencia da Xunta o ano pasado para encabezar a lista do PP ás eleccións xerais. O galego obtivo un gran apoio das urnas pero contrariamente á predición das enquisas, non logrou a maioría absoluta que esperaba contando co apoio de VOX. Xa antes, nas

municipais, os populares tiñan gañado terreo, que logo non chegou a materializarse nas xerais. Alfonso Rueda lidera o partido tras un ano como presidente.

Para o PSOE estas tamén son unhas eleccións diferentes. Por primeira vez preséntase para liderar o partido un lugués, José Ramón Gómez Besteiro, que despois de varios anos fóra da política regresou pola porta grande volvendo ao panorama como delegado do Goberno en Galicia. Poucos meses despois deixou o cargo para presentarse ás eleccións xerais como deputado por Madrid e ser peza fundamental na negociación de Sánchez para formar goberno.

Foi nomeado candidato á Xunta sen oposición.

Para Ana Pontón o reto está aí. Como a segunda forza máis votada nos anteriores comicios, ten ante ela o obxectivo de derrotar a Alfonso Rueda por unha banda e impedir que o PSOE lle arrebatase escanos para manterse por riba, polo que, en caso de ter posibilidade de pactar poda ser a primeira muller presidenta en Galicia. Con todo moi apertado dúas forzas poderían cambiar a balanza, Sumar e Democracia Ourenzana, que restarían votos aos partidos maioritarios e que poderían cambiar o curso dunhas eleccións nas que nada está decidido.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

PARTIDO POPULAR

Elena Candia, dúas décadas de logros políticos como aval para apoiar a Rueda

Elena Candia, nada no 1978 en Mondoñedo, na parroquia do Carme, licenciouse en Dereito na Universidade da Coruña e iniciou o seu doutoramento no estudo de entes locais. A súa experiencia profesional está vinculada co mundo das aseguradoras, xa que foi responsable dunha oficina de seguros no seu Mondoñedo natal.

Leva máis de dúas décadas vinculada ao mundo da política. Deu os seus primeiros pasos no ámbito local como concelleira do seu municipio no 2003 tras formar parte da lista liderada por Luis Rego e coa que lograron unha ampla maioría. Catro anos despois presentouse como cabeza de lista pero os resultados foron outros para o partido, pois dos sete edís que acadaron nos anteriores comicios, só mantiveron catro. Foi voceira do Grupo Provincial do PP na Deputación de Lugo dende finais do 2011 e fíxose coa presidencia desta institución dende xullo ata outubro do 2015. A toma de posesión foi para ela toda “unha sorpresa”, tras o empate a 12 votos co socialista Darío Campos, e asumiu o rol coa firme aposta polo “progreso e o desenvolvemento económico da provincia”.

No 2015 conseguiu recuperar a alcaldía de Mondoñedo grazas a unha maioría que ampliou nas eleccións do 2019. En marzo do ano seguinte renunciou ao bastón de mando para encabezar a lista das autonómicas e foi substituída por Manuel Otero, pero mantívose na corporación. Dende o 2016 ocupa a Presidencia Provincial do PP de Lugo tras unha clara vitoria sobre Raquel Arias e en maio do 2022 tomou a Vicepresidencia primeira do Parlamento tras a renuncia de Diego Calvo. Neste mesmo

ano foi proposta pola xunta directiva local, co apoio unánime de todos os afiliados, como candidata dos populares á alcaldía de Lugo, labor que recoñeceu asumir “con humildade, porque todo o que son débollo ao PP de Lugo”.

Un plan para o retorno de lucenses para traballar na cidade e outro para o coidado de nenos de familias monoparentais formaban parte das máis de 140 medidas “consensuadas cos lucenses” e presentadas no seu programa electoral para facerse co consistorio nos comicios municipais do 12 de maio. Tras a cita coas urnas, os populares lograron os segundos mellores resultados da súa historia dende que perderon a maioría absoluta no 1999, acadando o 43,57 % dos votos e 12 escaños. Deste xeito, quedáronse a un escano de lograr a maioría absoluta, polo que Lara Méndez puido reter a alcaldía revalidando o bipartito co BNG, bipartito que tamén

“Queremos colaborar e afastarnos de calquera confrontación”

conseguiu manter a Deputación. Dende a oposición, a voceira popular e responsable da área de economía destacou que a súa folla de ruta sería o seu programa electoral. “Queremos cooperar e apartarnos de calquera tipo de confrontación”. Entre as últimas propostas do seu equipo atópase desenvolver unha Concellería de Maiores, crear unha mesa de traballo para a praia fluvial ou que o Goberno local lidere un plan de permutas agrícolas nas parroquias con



maior presenza do sector primario. A tamén membro da Comisión de Igualdade da Federación Española de Municipios e Provincias e número un da lista popular por Lugo ao Parlamento declárase defensora da “política realista, a de tomar as medidas que os galegos precisamos e merecemos, a de cumprir a palabra, a de atender ás persoas e a de apoiar o desenvolvemento da provincia; non a de prometer antes das eleccións e cambiar de opinión despois”, así o asegurou nunha xuntanza co presidente do PPdeG, Alfonso Rueda. A mindonienense aposta por “facermos unha campaña contando a verdade á xente”, que “xa sabe o que aportou o besteirismo e o nacionalismo á nosa provincia” e que “non sería positivo que se trasladase a Galicia”. Ao contrario do PSOE e do BNG que “presumen constantemente do que carecen”, Candia asegura que o seu partido xa “ten demostrado traballar dende a seriedade e pegado ao territorio”.

PARTIDO S

Xosé Ramón Gómez Besteiro, o candidato lugués que opta á presidencia da Xunta

Xosé Ramón Gómez Besteiro non só liderará a cabeza de lista do PSdeG-PSOE nos comicios autonómicos á Presidencia da Xunta do vindeiro 18 de febreiro, tamén será o candidato pola provincia de Lugo, acompañado pola exalcaldesa da capital lucense, Lara Méndez, seguida da ex alcaldesa de Trabada, Mayra García.

Besteiro, nado en Lugo en 1967, estudou Dereito e, ao finalizar os seus estudos, afiliouse ao PSOE. Avogado de profesión, participou na vida pública do Concello de Lugo entre o ano 1999 e o 2007 como voceiro municipal socialista e concelleiro de Urbanismo. No 2007 deixou estes cargos para presidir a Deputación de Lugo ata o ano 2015. Xa no ano 2023 foi designado como delegado do Goberno en Galicia e agora preséntase como candidato do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

O candidato, que encabeza a lista por Lugo, di que presenta “un equipo sólido, con traxectoria de xestión en distintos niveis da administración, con perfís profesionais de diversos ámbitos, que aportan experiencia e xuventude, e que representan á totalidade do territorio da provincia de Lugo”. O secretario xeral dos socialistas en Lugo, José Tomé Roca, sostivo que “Lugo aporta o mellor equipo dos que se presentan a estas eleccións autonómicas, e temos a sorte de que quen o encabeza é o candidato”, subliñou

Tomé, convencido do gran resultado e coo determinante a act Galicia liderado por “É urxente activar o no que a provincia determinante, xa q deixarán de estar d PP, porque os socia en marcha un novo esperanza, de ilusión

“É urxente cambio en G vai ser dete

novas oportunidades futuro que necesita nosa provincia”, rec Besteiro compromé un Goberno “que d e “que conteste”, cu representa ao “gale resolver os “verdad dos galegos e das g En concreto, Beste Monforte, sostivo q á fronte do Gobern queará o Porto Seco nodo loxístico de re Tamén visitou a mo onde o candidato s rou que “a Atención

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

CARPINTERIA METÁLICA

NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS
- ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS
- ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN
- REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL
TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camión Francés 43, 27600 Sarria - Lugo - Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 - vimetalsarria@hotmail.com

SOCIALISTA

ez
ato

nta

de que “vai ter un
contribuír de maneira
diver o cambio en
Besteiro”.

o cambio en Galicia,
de Lugo vai ser
que os lucenses
discriminados polo
listas poñeremos
proxeito de
ón, de impulso e de

de activar o
Galicia, e Lugo
determinante”

es, traballando polo
e que merece a
calcou Tomé.
étese así a liderar
iga a verdade”
un PSdG que
guismo útil” para
eiros problemas”
alegas.

ro, nunha visita a
que cando estea
o galego, desblo-
o e converterao en
ferencia en Galicia.
ntaña lucense,
socialista conside-
n Primaria precisa



dunha nova estratexia e dun forte
compromiso por parte da Xunta para
recuperar o prestixio e a importancia
que ten na cadea sanitaria”.

Con respecto ao ámbito sanitario, o
socialista tamén promete que, ao che-
gar á Xunta, implantará en toda Galicia
o modelo público de residencias que
creou á fronte da Deputación de Lugo,
xa que nunha visita á residencia de
Meira explicou que “aquí os maiores
son tratados coma na casa, en centros
pequenos e ben atendidos, sen ter
que marchar do seu pobo, e pagan o
custo en función da súa capacidade
patrimonial”.

Ademais, reclama recursos materiais e
humanos para que os concellos poidan
afrontar a limpeza dos granulados sen
custo, así como “información científica
e transparencia que permita afrontar a
situación con tranquilidade”. Ademais,
a terceira na lista, Mayra García, ex
alcaldesa de Trabada, sostén que
Besteiro executará as obras da Vía de
Alta Capacidade Costa Norte de Ferrol
a San Cibrao para a mobilidade
e o desenvolvemento da comarca
mariñá e daralle á Mariña o impulso
do que o PP nos leva privando dende
hai 15 anos”

Outra das iniciativas que leva o can-
didato socialista no seu programa é a
aposta dende a Xunta de Galicia por
apoiar ás empresas “que creen empre-
go de calidade e proxectos industriais
que fixen poboación”.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Olalla Rodil encabeza o BNG provincial desde o 2016 e é voceira suplente

Olalla Rodil, nada en Ribeira de Piquín,
é xornalista pero é máis coñecida polo
seu labor político no Bloque Nacionalista
Galego. É licenciada en Publicidade e
Relacións Públicas pola Universidade de
Vigo e conta cun mestrado de Estudos
Internacionais. Tamén traballou como
redactora.

Foi cabeza de lista da provincia de Lugo
polo BNG nas eleccións xerais de España
de 2016 e 2019, nas do Parlamento de
Galicia de 2016, na cal saíu elixida depu-
tada do Parlamento, e 2020.

Na actualidade ocupa o cargo de
voceira suplente do Bloque Naciona-
lista Galego no Parlamento de Galicia
e tamén é a vice-coordinadora de
comunicación da executiva nacional do
mesmo partido.

Rodil ten propostas dirixidas ás persoas
maiores no eido da dependencia e da
promoción da autonomía persoal. Son
medidas que buscan “garantir o dereito
a envellecer no propio fogar coas
mellores condicións de vida, achegando
os apoios e servizos necesarios que
garantan o seu benestar”.

Tamén afirmou que o BNG poñerá a
disposición de todas as persoas maiores
unha “rede de servizos públicos fortes”
que permitan envellecer nas casas,
xunto cun programa de prevención da
dependencia e de promoción da auto-
nomía persoal.

O BNG estruturará estes servizos a
través do Servizo Galego do Benestar,
“un sistema de xestión público, similar
ao Sergas, que garanta o acceso de
toda a poboación aos servizos sociais”.

Ademais, propón reformular o modelo
do Servizo de Axuda no Fogar.
No relativo á Sanidade di que “levamos
trece anos de recortes, privatizacións,
con precariedade no persoal médico e



colocando á sanidade pública na situa-
ción límite que ten neste momento”, así
mesmo, explica que “unha das primeiras
medidas a poñer en marcha é o Plan de
Mellora da Atención Primaria, cunha
partida de 200 millóns de euros para

“Poñeremos a Lugo no
mapa mellorando as
infraestruturas”

reforzar a porta de entrada á sanidade
pública”. Segundo Olalla Rodil, “temos
que cambiar o modelo actual por un no
que as persoas sexan o centro, baseado
en equipos de profesionais en número
suficiente que poidan atender en condi-
cións ás necesidades da veciñanza”.

Sobre o rural opina que “dar axilidade,
dende a administración, a todos os
expedientes relacionados co medio
rural” así como “mellorar a dotación de
infraestruturas e servizos con especial
énfase nas zonas rurais máis afastadas”.

Tamén estableceu como prioridade “un
plan de mobilidade no rural, con rutas

e horarios suficientes para asistencia
prioritaria no ámbito da educación,
sanidade e servizos sociais” e engadiu
a necesidade da “recuperación de
viviendas no rural e creación dun banco
de vivendas, establecendo un marco de
colaboración entre o IGV, os Grupos de
Desenvolvemento Rural, a FEGAMP e as
Deputacións Provinciais”.

A candidata do BNG afirma que, a partir
do 18 de febreiro, o BNG traballará para
“crear oportunidades para impulsar
economicamente tanto a cidade como a
provincia de Lugo”, para o que “po-
ñeremos a Lugo no mapa mellorando
as infraestruturas e a conectividade,
garantindo que non se perda nin unha
soa oportunidade económica por falta
de infraestruturas”.

Rodil indicou que para BNG é unha
prioridade a cohesión social e a verte-
bración. “Para iso a mobilidade é unha
cuestión fundamental. Lugo non pode
ser a única cidade de Galiza que teña co-
nexións ferroviarias do século pasado”.

O BNG traballará tamén na mellora das
condicións laborais das traballadoras e
traballadores, tamén en materia de con-
ciliación, tendo en conta as necesidades
nas contornas laborais.

Sobre o I+D+i di propón un nivel de
investimento que sitúe Galicia progresi-
vamente no horizonte europeo e no que
se refire á carreira investigadora, di que
se inclúa a todo o persoal investigador
e o persoal técnico e de xestión porque
“sen técnicos e sen xestores de proxe-
ctos non hai ciencia”, apuntou Rodil. A
terceira gran proposta do Bloque é un
programa de retención, captación e re-
torno do talento “que sexa ambicioso e
estable a través da creación do Innogal”,
unha entidade similar ás que funcionan
con éxito en Euskadi e Cataluña”.

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO,
MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

UN TOTAL DE DEZ CANDIDATURAS NA PROVINCIA

Ademais do PP, BNG e PSOE preséntanse este ano outras sete listas electorais en Lugo

As eleccións ao Parlamento de Galicia reparten un total de 75 escaños, polo que o principal obxectivo de cada partido é lograr os 38 que dan a maioría absoluta e evitan os pactos, tanto para poder gobernar como para perder a presidencia. Os comicios galegos contarán cun total de dez listas electorais pola provincia. Repiten, por suposto, as tres máis votadas, o PP, BNG e PSOE, pero tamén configuráronse candidaturas para outras sete.

Así, haberá candidatos para outros tres partidos con representación tamén no Congreso. Entre estas destaca a de Sumar, que preside por Lugo José Antonio Rodríguez Añón. Este partido, de vinculación á esquerda, está en coalición co partido de Pedro Sánchez no Goberno.

SUMAR

1. José Antonio Rodríguez Añón
2. Diego López Dapena
3. María Teresa Rodríguez Chao
4. José Manuel Díaz Grandío
5. María Jesús Rodríguez Rodríguez
6. María del Carmen López García
7. Olga María López López
8. Xoan Trigo González
9. Nieves Pérez Rodríguez
10. Noel Dopazo Vázquez
11. María Isabel Sánchez Corral
12. Roberto Vicente Yáñez Friero
13. Guillermo Aijón Barreiro
14. María Reyes Rodríguez Pérez

Suplentes

1. Lucía Eres Rigueira
2. Libertad Fraga Grueiro
3. Xaquín López Gómez
4. Manuel Lago Berdeal
5. Isabel Fraga Grueiro

Tamén presenta os seus candidatos Podemos, que nas municipais, foron en coalición con Sumar. Preside a lista Ximena Cheda. A formación violeta non logrou aínda representación en Galicia. Tamén VOX presenta a súa lista, onde repite Sonia Teijeiro. Esta formación, que xa se presentou nas anteriores, non tivo ata o de agora representación.

Os partidos independentes de Galicia Sempre e Compromiso por Galicia elaboraron a súa lista por Lugo (ECG) na que Castro López Gavín busca representación. Completan a oferta tres partidos minoritarios que aínda non tiveron apoio suficiente para lograr algún tipo de representación, o partido animalista PACMA, o PUM+J (Por un Mundo Más Justo) e Escanos en Branco, que ten un obxectivo de partido protesta.

PACMA

1. Consuelo Pereiro Fernández
2. Omar Moruño Real
3. Irma Fitó Egea
4. Patricia Fernández Virgós
5. José Francisco Vázquez Brañas
6. María Begoña Pais Riveiro
7. Luis Miguel González Seijas
8. Almudena Santos González
9. Jéssica Pasantes Vázquez
10. Miguel Lago López
11. María del Pilar Grandal Azpeitia
12. Sandra María Souto Álvarez
13. Alberto David Pérez Baldomir
14. Sergio Villaverde Alfonso

Suplentes

1. María Díaz-Rincón Tiessen
2. José María González Martín
3. Montserrat María García Valls

BNG

1. Olalla Rodil Fernández
2. Daniel Castro García
3. Montserrat Valcarcel Armesto
4. Iago Suárez Fernández
5. Iria Cotelo Cociña
6. Martín Gómez Souto
7. Pilar Vázquez Sánchez
8. Alejandro Varela Rubín
9. Beatriz Cedron Vilar
10. Eloi Cabanas Ramos
11. Rosa Ana Prieto Florines
12. Mario Outeiro Iglesias
13. Alejandra Fernández Cillero
14. Miguel Gómez Fraga

Suplentes

1. Bernardo Valdés Paços
2. Wanesa Gómez Lourido
3. Manuel Luaces Fernández
4. María Dolores López Cayón
5. Xosé Manuel Becerra Pardo

PSOE

1. José Ramón Gómez Besteiro
2. Lara Méndez López
3. Mayra García Bermúdez
4. Miguel Tomé López
5. Teresa Fernández Pérez
6. Jaime Losada Sobrado
7. Elena Cordero Becerra
8. Manuel Eduardo Fernández Varela
9. Catalina Fernández Méndez
10. Roberto Castro González
11. Marina Ramudo Graña
12. Miguel Ángel Vilar Rivas
13. Silvia Rodríguez Díaz
14. Jorge Val Díaz

Suplentes

1. Miguel Ángel Crende López
2. Olimpia López Rodríguez
3. Pablo Núñez González
4. Ana M^a Hortas Alonso
5. Miguel Caloto Conde

PP

1. María Elena Candia López
2. Javier Arias Fouz
3. Alfonso Villares Bermúdez
4. Cristina Sanz Arias
5. José Manuel Mato Díaz
6. Raquel Arias Rodríguez
7. José Manuel Balseiro Orol
8. Enrique Barreiro Sánchez
9. María Encarnación Amigo Díaz
10. Nicole Grueira Fernández
11. Katherin Varela Fernández
12. José Luís Novo Teijeiro
13. María Alicia López Rodríguez
14. Pablo Figueiras Reguera

Suplentes

1. Aurora Aida Goas Castro
2. José Fernández Carrete
3. Miguel Ángel Fernández González
4. Saray Ventura Fernández
5. Verónica Soto Piñeiroa

PUM+J

1. Roger Adolfo Calabuig Hernández
2. Priscila Navarret Rodríguez
3. Gerardo F. Castedo Balbuena
4. María Teresa Bugallo Castiñeiras
5. Manuel Pérez Castro
6. María Nuria Villabona Río
7. Juan Luis Fernández Rodríguez
8. Leticia López Cancelo
9. Manuel Alejandro Garrido Reboredo
10. Rafael Veiga de Diego
11. María Ángeles A. Sáenz Díez Cabello
12. Gerardo Silva López
13. M^a Mar Mtnez Lacaci Valderrábano
14. José Manuel Real Fernández

VOX

1. Sonia María Teijeiro Pérez
2. Jorge Juan Núñez Díaz
3. Noelia Rabanal González
4. Miguel Ángel Rey Batan
5. Félix Cienfuegos Rivas
6. Ángel Francisco Lamela Fouz
7. Elisa Victoria Navarro Álvarez
8. Verónica Pena Gómez
9. Verónica Arroyo López
10. Rubén Graña Fernández
11. Ramiro López López
12. María José González Antolín
13. Ana Belén Rego Sampedro
14. Jacobo Gayoso Rodríguez

ECG

1. Castor López Gavín (GS)
2. Nuria Mera Balboa (GS)
3. Pablo Corbelle González(GS)
4. Tamara Simón Ferreiro(GS)
5. Saul Sánchez Fraile
6. Marta López Abeledo (GS)
7. Manuel Martínez Rodríguez (GS)
8. Carmen Río Mourín(GS)
9. María Dolores Muñiz Cabanas (GS)
10. Jordi Blengua Penedo
11. Uxía Núñez Porto (GS)
12. Xaime Manuel Requeixo Souto
13. Jose Manuel Núñez Ferreiro (GS)
14. Patricia Ferreiro Rodríguez (CxG)

Suplentes

1. Ana María Pereiro Mourelo (GS)

A provincia de Lugo escollerá 14 parlamentarios, ao igual que Ourense

ESCANOS EN BRANCO

1. Miriam Fernández Gómez
2. César Fernández Viqueira
3. María Irene Lamela Ocampo
4. Javier Romay Fernández
5. María del Mar Viso Fernández
6. Jose Julio Fernández Sobrado
7. Esperanza Rosalía Gómez López
8. Jorge Pérez Polin
9. Lara Abelleira Yañez
10. Adrián Lage Blanco
11. María Estrella García Pardo
12. Pablo Lage Blanco
13. Ana María Pérez Gay
14. Juan Julio Carballeira Villares



Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532



AUDÍFONOS SIEMENS
DISCRETOS, VERSÁTILES, CON PILAS O RECARGABLES

ASISTENCIA AUDITIVA A DOMICILIO

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

Si no puedes desplazarte hasta nuestro gabinete auditivo

Hacemos pruebas de audición y adaptación en tu domicilio

OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA
PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com

COMARCA

Convocado o concurso de deseño con motivo do 8M



As consellerías de Promoción do Emprego e Igualdade e de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades abren o prazo de presentación do concurso do deseño do cartel do 8 de marzo, o Día Internacional da Muller. Os centros educativos de ensino non universitario galegos poderán presentar os seus traballos ata o vindeiro 22 de febreiro, ás 15.00 horas.

Establécense no certame tres categorías: a primeira, dirixida ao alumnado de infantil e aos cursos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de educación primaria; a segunda para o alumnado de quinto e sexto de educación primaria e de primeiro e segundo da ESO e de educación especial; e a terceira categoría para as alumnas e os alumnos de terceiro e cuarto da ESO e primeiro e segundo de bacharelato, de FP básica, de ciclos de grao medio e superior.

O obxecto do concurso é fomentar a promoción da igualdade dentro dos centros educativos galegos, a través dunha acción que visibilice a contribución das mulleres nos distintos

ámbitos e promova a reflexión sobre os estereotipos de xénero que aínda existen na sociedade, as causas e a orixe da discriminación de xénero, así como o camiño que as mulleres tiveron que percorrer para ver recoñecidos os seus dereitos.

Concederanse dous premios por cada categoría e consistirán nun cheque regalo para investir no comercio local en material didáctico, deportivo ou tecnolóxico, para cada unha das alumnas e alumnos integrantes do equipo gañador, valorado en 100 euros e 50 euros, respectivamente, para o primeiro e segundo galardón, así como nun lote de libros para o centro.

Os traballos deberán enviarse en PDF ou JPG e a información identificativa ao enderezo electrónico: curso8m.igualdade@xunta.gal.

Para obter máis información, as persoas interesadas poden dirixirse aos números de teléfono do Servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación (Secretaría Xeral da Igualdade): 981 547 397- 981 957 689.

Sae a licitación o servizo de atención temperá para a comarca sarriá

O Concello de Sarria vén de sacar a licitación o servizo de atención temperá para os sete municipios que compoñen a comarca de Sarria (Sarria, Samos, Láncara, O Páramo, O Incio, Triacastela e Paradela).

O orzamento será de 407.044 euros e por un período de dous anos, nos que se atenderá a nenos e nenas de entre 0 e 6 anos e as súas familias con 203.000 euros por ano.

Así, para o financiamento deste custo, os sete concellos teñen concedida unha subvención por parte da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade de 322.432 euros para o curso 2022-2024 e outros 23.453 despois.



Desta maneira, as empresas interesadas en ofrecer os seus servizos xa poden participar ata o día 18 deste concurso, que é a cuarta vez que sae a licitación, xa que os anteriores quedaron anulados ou impugnados.

A Mancomunidade busca un director de comunicación, un técnico de turismo e un antropólogo

A Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés, que preside a alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, abriu o proceso de selección de traballadores.

Así, tres persoas serán seleccionadas para desenvolver os labores de técnico de turismo, antropólogo e director de comunicación para o desenvolvemento do proxecto 'Plataforma Intelixente: Camiño de Europa'. Estes postos de traballo terán unha duración temporal de tres meses a xornada completa no caso do técnico de turismo e de nove meses no caso do antropólogo e o director de comunicación.

Este proxecto enmárcase nunha axuda para experiencias de turismo que lle foi concedida á Mancomunidade polo Ministerio de Comercio, Industria e Turismo.

O Sergas adxudica prazas de médicos en once centros de saúde da provincia

O Servizo Galego de Saúde vén de publicar na súa páxina web a relación de persoas adxudicatarias en primeira rolda do concurso de méritos convocado para prazas de categoría de facultativo especialista en atención primaria.

Desde a publicación oficial en xaneiro abriuse un prazo dun mes para que as persoas adxudicatarias podan tomar posesión das

súas novas prazas.

Deste xeito, darase cobertura estable a 65 prazas de atención primaria de difícil cobertura que, ou ben se atopaban vacantes ou estaban cubertas por persoal interino e que non foran elixidas nos últimos procesos de concurso de traslados ou ofertas de emprego público.

Na área sanitaria de Lugo, A Ma-

riña e Monforte de Lemos es prazas corresponden a Baralla, Burela, Castro de Rei (Castro Ribeiras de Lea), Guntín, Meira, Monforte de Lemos, O Vicedo, Pedrafita do Cebreiro, Sarria, Viveiro e Xermade.

Desta forma, nas próximas semanas incorporaranse 65 profesionais de medicina familiar e comunitaria a estes centros de saúde.

Tapisa, s.l.
TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

“Os peregrinos do Camiño Francés veñen comer e séntense acollidos”

Natalia é a xerente do Restaurante Mirallos de Paradela

Cando e por que xorde o Restaurante Mirallos?

No ano 1997 os meus pais montaron o Restaurante Mirallos porque había moita afluencia de peregrinos e non había establecementos. Así que decidiron comezar a traballar como un restaurante para os peregrinos e só daba comidas.

Onde está localizado?

Estamos no km 100 do Camiño Francés, entre Sarria e Portomarín. É un sitio rural de campo, hai praderías, un pequeno regato... É o típico sitio rural galego con hortas, as vacas dos veciños... É un sitio idílico para os peregrinos e tamén para a xente local, sobre todo temos moita xente que repite todos os anos porque lle gusta moito o cocido da casa. Despois, contamos con carnes da zona que á xente que vén de fóra de Galicia gústalle moito.

Que tipo de produtos ofrecen?

O que máis traballamos é carne de vaca, de tenreira, concretamente a

Tenreira Galega Suprema, e logo de cocho temos segredo, croca, chourizos da casa... A carne é natural e sempre de aquí, de Galicia, non procesada. Tamén temos pescado e de entrantes champiñóns recheos, ensaladas de queixo con cebola caramelizada, zamburiñas, pementos, leituga, fabas de Lourenzán, é dicir, produtos típicos galegos e da zona.

Cales son os máis exitosos?

O que máis gusta é o champiñón recheo, zamburiñas con queixo, entrecosto de tenreira, queixo azul e chocolate branco, segredo de cocho, todos son receitas nosas. E logo temos de sobremesa tarta de queixo, flan de café, tarta da avoa, *coulant* caseiro, freixós con marmelada, mel... Todo o que facemos é con produtos da zona, de casa, de veciños e sobre todo, todo local.

Era necesario un lugar como este en Paradela?

Cando empezamos no Camiño Francés era necesario porque se

montaron os albergues e non había un lugar onde comer. Actualmente tamén, xa que pechou A Veiga de Paradela, polo que só estamos nós e O Loio, e desde novembro e ata marzo somos os únicos abertos desde Sarria ata Portomarín polo Camiño Francés, así que os peregrinos veñen aquí para poder comer algo.

Hai menú e carta? E fans pedidos por encargo e reservas?

Temos menú do día de peregrino e despois temos menú de carta e carta xa solta. Facemos pedidos por encargo e reservas de máximo 70 persoas.

Con que instalacións contan?

Temos dous comedores, nun caben 70 persoas e no outro collen 35 persoas. Ademais, temos unha terraza de toda a vida, non é cuberta, na parte de atrás na que caben 30 persoas.

Organizan eventos?

Organizamos moitos eventos, como aniversarios, comidas de empresa, bautizos familiares, facemos comi-



das de grupos, comidas de caza, grupos de peregrinos e comuñóns se non son moi grandes.

Como é o trato cos clientes?

O cliente de diario é un cliente que xa ten confianza, que xa nos coñece e se hai que dicir algo dicímolo. Co peregrino depende, hai algúns estranxeiros que buscan tranquilidade e que o acollan ben, outros como os coreanos son máis fríos e sistemáticos. Co peregrino en xeral propiciamos un ambiente de acollida e para a xente de aquí de todos os días é un trato como na casa. En temporada baixa igual damos 22 menús ao mediodía e, en comparación, un día de

setembro podemos dar 80 comidas e neses momentos petamos moito, porque somos poucos. Incluso en verán podemos dar case 100 comidas diarias.

Como é o traballo diario?

Pechamos todos os martes do ano e abrimos todo o ano. En canto ao horario, abrimos á mañá dependendo da demanda, en verán máis cedo, segundo a demanda. Por outra parte, agora só damos ceas os venres e sábados, pero en verán todos os días. Con respecto aos traballadores, normalmente somos tres ou catro persoas que traballamos como familia cun bo ambiente e trato familiar.

A ‘KDD Shotsontheroad’ terá unha mostra de coches

A Asociación de Mulleres de Paradela organiza a primeira ‘KDD Shotsontheroad’ que consiste nunha quedada de persoas que irán nos seus coches, xerando unha gran exposición de vehículos de todo tipo.

Así, haberá máis de 150 prazas

para coches que poderán entrar no mercado gandeiro de Paradela para as persoas interesadas en participar, que deberán apuntarse a través do correo shotsontheroad@gmail.com e pagar un custo de 10 euros, que incluíra consumición, rifa para un sorteo

e unha pegatina.

Nesta iniciativa, ademais do sorteo, haberá foodtruck, sesión vermú, Dj, proba de son, valoración do coche máis antigo, o de máis lonxe e o favorito do público, que participará sen inscrición. Esta xornada terá lugar de 11.30 a 21.30 horas, cando terá lugar a saída dos coches, o vindeiro 8 de xuño.

ENTROIDO. A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela tamén organiza un baile de Entroido o vindeiro sábado 17 de febreiro

ás 21.20 horas no mercado gandeiro.

Así, as persoas interesadas poderán desfrutar dunha actividade que estará amenizada polo Dúo Dilema, pagando unha cota de 15 euros se son socios e de 20 euros se non o son.

O prazo para inscribirse nesta iniciativa das Mulleres Rurais de Paradela, está aberto ata o vindeiro mércores 14 de febreiro e desde a Asociación animan a todos os veciños e veciñas a participar e “aos que se queiran achegar a pasar un bo rato”.

Aprobado o acordo de inicio do polígono agroforestal

O Diario Oficial de Galicia publicou o anuncio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se aproba o acordo de inicio do polígono agroforestal de Loio. Os polígonos teñen por obxecto pór en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva, que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha acaída actividade de explotación agrícola ou forestal.

O polígono de Loio abrangue unha superficie de 23,23 hectáreas, repartidas en 104 parcelas de 36 titulares catastrais. Ademais, atópase na área de actuación da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Ao igual que no caso de Sabadelle, en Loio existe unha gran demanda de terreos para iniciativas relacionadas á produción vitivinícola, gandaría extensiva e aproveitamento forestal.

Con este son xa 29 os polígonos agroforestais actualmente en marcha na nosa comunidade que supoñen a posta en valor de 9.300 hectáreas distribuídas en 30.120 parcelas propiedade de 8.420 veciños.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

A ponte de Supena será substituída pola CHMS



A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acaba de adjudicar o contrato para acometer as obras de substitución da nova ponte sobre o río Sarria no lugar de Supena, no municipio de Láncara. Dúas empresas presentáronse a esta licitación, entre as cales foi elixida VVipecas Obras y Servicios, que contará con 477.960 euros para levar a cabo estes traballos. A nova ponte terá dous carrís de

circulación e substituirá a ponte existente, xa que presenta danos nun piar, o que dificulta a circulación por el e por isto haberá que substituílo enteiro, demolendo o viaduto.

As obras incluirán, ademais da construción da ponte con dous carrís, a impermeabilización, unha capa de rodadura e a conexión da ponte cos viais de ambas marxes do río.

O Concello licita un contrato para controlar a auga

O Concello de Láncara vai levar a cabo unhas obras de control sanitario da auga para o consumo humano co fin de garantir a calidade da auga na rede de distribución e que cumpra cos requisitos para a súa potabilidade. Así, a través dun investimento de 26.230 euros, quere levar a cabo esta iniciativa no prazo de dous anos, que incluírá unha avaliación das fugas estruturais nas redes de distribución de

xestión municipal.

O contrato xa saíu licitado para que unha empresa poida asumir os traballos, xa que o Concello de Láncara non conta cos medios técnicos nin persoais para a realización dos controis de calidade da auga.

Estes controis inclúen o autocontrol da auga de consumo humano, vixilancia sanitaria e control da auga na billa do consumidor.

Láncara celebra o seu Entroido con dúas xornadas festivas

O Concello de Láncara celebra a súa festa de Entroido o vindeiro 13 de febreiro a partir das 16.30 horas, á que convida a todos os veciños e veciñas a participar no divertido concurso de disfraces do Entroido. Así, as persoas interesadas en participar poderán anotarse ata o vindeiro 12 de febreiro nas diferentes categorías do concurso de disfraces, que serán de individual para maiores de 12 anos, de parellas de máis de 12 anos, de comparsas infantís de nenos de 0 a 16 anos, de comparsas de adultos maiores de 16 anos e de carrozas de mínimo 10 persoas.

O percorrido deste desfile de disfraces terá lugar na praza dos Labradores, na Pobra de San Xiao, aínda que en caso de mal tempo será na pista deportiva do colexio CPI Ramón Piñeiro. Haberá música e inchables para os pequenos do municipio.

Con respecto aos premios, repartiranse diferentes premios, sendo o primeiro de entre 100 e 300 euros, o segundo entre 80 e 150 euros e o terceiro entre 50 e 80 euros, e serán entregados por transferencia bancaria.

VAL DE LÁNCARA. Por outra banda, A Asociación Val de Láncara tamén organiza unha festa de Entroido o domingo 11 de febreiro, que terá lugar na antiga escola de Láncara a partir das 20.30 horas da noite.

Así, as persoas que participen poderán desfrutar da música en directo de Manuel e o seu acordeón así como da comida, xa que haberá liscos, chourizos e filloas; así como premios para as persoas que vaian disfrazadas.

Trasliste, Oleiros e Cha de Santa Marta son os lugares para a recollida de plásticos

O Concello anunciou as datas e os lugares nos que terán lugar as recollidas de plásticos en horario de 09.00 a 14.00 horas.

Así, as parroquias serán as de Trasliste, Oleiros e Cha de Santa Marta serán os lugares escollidos para levar a cabo esta actividade, unha vez por cada lugar.

Así, en febreiro a recollida terá lugar o día 19 en Trasliste, o 20 en Oleiros e o 21 en Cha de Santa Marta; mentres que en marzo será o día 11 en Trasliste, o 12 en Oleiros e o 13 en Cha de Santa Marta.

Pola súa parte, en abril terá lugar o día 15 en Trasliste, o 16 en Oleiros e o 17 en Cha de Santa Marta e en maio será o día 13 en Trasliste, o 14 en

Oleiros e o 15 en Cha de Santa Marta.

Xa en xuño, terá lugar o día 10 en Trasliste, o 11 en Oleiros e o 12 en Cha de Santa Marta; mentres que en xullo será o día 15 en Trasliste, o 16 en Oleiros e o 17 en Cha de Santa Marta.

Con respecto a agosto, o día 12 será en Trasliste, o 13 en Oleiros e o 14 en Cha de Santa Marta, e pola súa parte, en setembro terá lugar o día 16 en Trasliste, o 17 en Oleiros e o 18 en Cha de Santa Marta.

Para rematar o ano, en outubro, será o día 14 en Trasliste, o 15 en Oleiros e o 16 en Cha de Santa Marta; en novembro terá lugar o día 11 en Trasliste, o 12 en Oleiros e o 13 en Cha de Santa Marta.



ALUMEADO DE NADAL. Xa hai gañadores do concurso de alumeado de Nadal de Láncara, que foron os propietarios de tres vivendas particulares e varios establecementos comerciais. Así, na categoría casa gañaron Ester Amado, Mercedes Pereira e Almudena Santas. En negocios os gañadores foron Regalos Alba, El Reino de los animales e Lorena Villaverde peluqueros

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

***SOLO SARRIA (CASCO URBANO)**

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN COMPROMISO

TOURIST HOME
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS
Tfno: 650 082 298

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

o incio

O Incio organiza o seu Entroido o 10 de febreiro

O Incio Terra Brava C.F. organiza, en colaboración co Concello do Incio a Festa de Entroido, que terá lugar o vindeiro sábado 10 de febreiro.

Así, haberá desfile de comparsas a partir das 18.00 horas e ao remate do desfile haberá chocolate, doces de entroido e premios para os mellores disfraces. Ademais, ás 21:30

horas será a cea-baile no Multiusos do Concello.

Para participar no desfile de disfraces é preciso anotarse no Concello do Incio antes do día 8 e as entradas para a cea-baile poden recollerse na Librería Garabato a partir do luns pola tarde ata o xoves 8 de febreiro.

O Club de Lectura de Trascastro cumpriu un ano

Os veciños de Trascastro, no Incio, veñen de cumprir un ano de actividade co seu club de lectura 'Os Alfabetos' tras xuntarse case todos os meses para compartir un tempo conxunto e falar sobre os libros que tiveron que ler.

Así, desde a asociación din estar "moi felices por ter cumprido un ano do club" e destacan a actividade que fixeron para celebrar este aniversa-

rio, xa que estiveron acompañados pola escritora galega Eva Mejuto, que trouxo o seu libro 'Memoria do silencio'. "Foi moi fermoso compartir unha comida e a reunión con ela".

Desde o club animan a todas as persoas interesadas en participar, xa que está dirixido a todos os que sentan a necesidade de xuntarse e compartir inxedanzas con respecto á lectura de adultos.

Unha empresa externa levará o Servizo Atención no Fogar de forma complementaria

O Concello adxudicou o servizo de atención no fogar (SAF) á empresa Barreal Servicios Sociales, xa que foi a única que se presentou ao concurso de licitación de 120.432 euros.

Así, este servizo, de duración dun ano e prorrogable un ano máis, será clave para cubrir os períodos nos que o Concello do Incio non pode cubrir o servizo, como en tempadas

de vacacións, baixas por incapacidade temporal, días festivos e fins de semanas, polo que é un servizo complementario.

O Concello do Incio conta con 21 traballadores para case 500 persoas beneficiarias deste servizo, con 34 persoas en situación de dependencia e 13 con atención de libre concorrencia.

o páramo

O Páramo Pictures volve cun vídeo criticando a situación política actual

O colectivo Páramo Pictures, coñecidos por publicar vídeos musicais e humorísticos cun ton irónico e satírico, vén de publicar un novo vídeo, neste caso sobre as eleccións galegas.

Así, a través da personaxe de Ramón de Faxarda, un dos máis coñecidos da canle, representan o partido Como Dios Manda, que non se vai presentar ás eleccións autonómicas "porque non quere ser presidente".

Durante os tres minutos de duración do vídeo, Iván Capón, quen representa a personaxe, fai unha análise da situación política actual, comezando polo Concello do Páramo.



Desta maneira, critica a falta de persoal no centro de saúde da vila e a través da ironía ao dicir

que a veciñanza debe manterse activa para reducir ao máximo as visitas ao ambulatorio.

O PP pon en valor a casa niño Bolboreta como recurso de conciliación

Membros da candidatura do PP ás eleccións autonómicas pola provincia de Lugo visitaron a casa niño Bolboreta, no Páramo, onde puxeron en valor a aposta da Xunta polas casas niño como recursos de conciliación.

Nesta visita subliñaron "as políticas impulsadas pola Xunta de apoio ás familias vivan onde vivan, como as casas niño, que poden atender a 135 nenos e nenas de 0 a 3 anos, cun máximo de 5 prazas en cada casa niño", dixo Javier Arias.

"Dende o Partido Popular temos

claro que a nosa é unha provincia fundamentalmente rural e con núcleos de poboación dispersos. Por iso apostamos por achegar servizos ao rural co obxectivo de fixar poboación. Un claro exemplo son as casas niño que ofrecen, nun entorno próximo, atención aos máis pequenos de concellos do rural que carezan doutro recurso de conciliación. E non hai que esquecer que a través das casas niño tamén se crean postos de traballo nestes concellos", engadiu o popular.

Orzamento municipal estará dotado con case 2 millóns de euros

O Concello do Páramo vén de aprobar os seus orzamentos para o ano 2024 nun pleno no que o PP votou a favor e a oposición, de Galicia Sempre, abstívose.

Así, en total serán 1.191.072,87 euros os presupostos con que se contarán durante este exercicio para investimentos reais, como o arranxo de varias pistas municipais, para o que se contará con 163.850 euros.

Ademais, continúa a tramitación para sacar adiante a residencia de maiores, un dos grandes obxectivos do alcalde, José Luis López, cando saíu elixido alcalde nos comicios de 2023.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.



O colexio conta cunha rampla para a accesibilidade ao parque infantil

O Ceip Samos foi o escenario dunhas obras de mellora realizadas pola Xunta para poder acondicionar zonas que estaban en mal estado e o mellor aproveitamento dos recursos e instalacións por parte dos nenos e nenas do colexio.

Así, mellorouse a accesibilidade ao parque infantil e á pista entre o colexio e o pavillón de deportes coa construción dunha rampla nova, que permitirá a baixada do alumnado sinxela e sen esvaróns.

Tamén se cambiaron os canlóns, xa que estaban moi deteriorados e entraba humidade nalgunhas aulas. Ademais, o comedor do colexio tamén renovou o seu aspecto e a súa iluminación.

PORTAS ABERTAS. O CEIP Samos organiza unhas xornadas



de portas abertas para que todas as familias interesadas en coñecer o colexio de Samos poidan facelo concertando unha cita.

Así, poderase visitar o centro e coñecer todas as características do mesmo, como que o horario é de 10.00 a 16.30 horas e ten o servizo de comedor e transporte, así como os servizos gratuítos

de madrugadores de 08.00 a 10.00 horas e de extraescolares de 16.30 a 18.30 horas.

Ademais, no centro ofrecen aulas multigrado con aprendizaxe individualizada, colaboración cos centros da contorna e participación no e-dixgal, voz natura, prensa na escola e máis proxectos.

A obra 'Samos' xa forma parte da colección do Museo Provincial

A obra do artista lugués Leopoldo Nóvoa 'Samos' xa forma parte da colección de arte galega do Museo Provincial de Lugo, un cadro que ten como elemento central unha lasca de xisto recollida polo pintor na vila de Samos, doada ao museo pola viúva do pintor, Susana Carlson.

Esta será a primeira obra de Leopoldo Nóvoa coa que conte o Museo Provincial na súa colección permanente, ampliando os fondos de artistas galegos contemporáneos.



O Entroido contará diversas actividades e un sorteo

O Concello de Samos celebrará a súa festa de Entroido o vindeiro martes, 13 de febreiro, durante todo o día, xa que comezará a xornada coa visita da Furgoteca de 11.00 a 12.30 horas.

Durante a visita, contarase con Yolanda Álvarez para que presente o seu libro 'O Misterio do Tulipán', incluíndo un contacontos musical. Ademais, haberá pintacaras e un sorteo dunha

taza da Furgoteca entre os nenos e nenas que vaian disfrazados.

A partir das 12.30 e ata ás 14.30 horas, os veciños e veciñas de Samos poderán desfrutar dunha sesión vermú coa música da Charanga Son do Faro Brass e xa pola tarde terá lugar o concurso de disfraces para os nenos e nenas do municipio, que rematará cun sorteo de agasallos.

O PP critica a xestión que fai o Goberno local no centro de maiores

O voceiro do PP, Miguel Gallego, critica a "desastrosa xestión que está a facer o equipo de Goberno no centro de maiores" e condena que "as melloras que prometeran consisten en aumentar o número de usuarios cun exclusivo afán recadador, pero que o número de traballadoras siga a ser o mesmo". Gallego sostén que algunhas traballadoras teñen xornada reducida ou están de baixa e non se cubre o servizo porque a empresa que proporcionaba o persoal "deixou de facelo porque o concelleiro de Cultura e Deportes decidiu que non se lle pagaba e ante os impagos do Concello, a empresa parou de dar o servizo", di. Así, explica que "non se dan cuberto as vacantes ou as traballadoras actuais fan dobre quenda ou son os propios concelleiros os que van atender aos maiores",

engade. Gallego subliña que "esta situación caótica provoca numerosas queixas". "E a todo isto súmanse outros exemplos de mala xestión por parte deste goberno que lles dixo que tiñan que ir á hora de forma altruísta para producir alimentos para autoconsumo e os recortes que lles fixeron en calefacción, ata que o Grupo Municipal Popular trasladou as queixas".

CONCELLO. Pola súa parte, a alcaldesa, Chus López, sostén que "están todos os postos cubertos e os maiores ben atendidos". Ademais, engade que dende que gobernan, "non contratamos unha empresa externa para cubrir baixas nin vacacións nas vivendas comunitarias, polo que están moi mal informados ou minten conscientemente e con mala intención", sostivo.



ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS
ESPECIALISTAS EN
CARNE FRESCA. CO
CORTE AO GUSTO
DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO
EMBUTIDO DE A
FONSAGRADA

HORARIOS
DE LUNS A VENRES
De 09:30 a 14:00 e
de 16:30 a 21:00

SÁBADOS
De 09:30 a 14:00 e
de 16:30 a 20:30

DOMINGOS E FESTIVOS

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN
REFORMAS Y
REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

Un estudo analiza o control da reprodución da rata toupa

Sara Ruiz Rubio, de Triacastela, é investigadora na Facultade de Veterinaria

Sara Ruiz, que naceu en Oviedo pero pasou media vida en Triacastela e, actualmente, é o seu fogar; vén de desenvolver un estudo anatómico e morfofuncional do órgano vomeronasal da rata toupa na Facultade de Veterinaria do Campus Terra da USC.

Nada nunha familia de gandeiros, sempre estivo en contacto co sector e coas súas problemáticas, un mundo que lle gustaba, por iso lle prometeu aos seus avós que ía ser veterinaria. Así, estudou a carreira e, despois de analizar o aumento de rata toupa en Triacastela e os problemas que provocaba nos seus veciños, decidiu orientar a súa tese de doutoramento cara a investigación sobre a rata toupa e unha posible solución.

Así, a investigadora triacastelá, xunto con persoal investigador do grupo de Morfoloxía Animal (Morfan) que coordina Pablo Sánchez Quinteiro, publicou o seu estudo en 'The Anatomical Record', que apunta a que o órgano vomeronasal da rata toupa (*Arvicola scherman*) é de gran tamaño e ten un grao avanzado de desenvolvemento, polo que esta especie está a colonizar as pradeiras dalgun dos municipios da montaña luguesa, como Pedrafita e Triacastela.

O traballo, que forma parte da súa tese de doutoramento, ademais de revelar aspectos ata agora descoñecidos do sistema vomeronasal da rata toupa, ta-

mén avala o uso de 'caimomas' de depredadores para "provocar estrés e alterar os ciclos reprodutivos deste roedor herbívoro, como posible estratexia para avanzar no seu control, na progresiva diminución de individuos e a posterior eliminación, se fose o caso".

A INVESTIGACIÓN. A caracterización anatómica, morfolóxica e funcional do órgano vomeronasal da rata toupa feita pola veterinaria Ruiz Rubio, reforza a elección da loita química como a alternativa máis viable e sustentable para controlar a

explicou que as pescudas de Ruiz Rubio desenvolvéronse ao mesmo tempo que outros traballos de campo en diversas parcelas de control no Concello de Triacastela, espazos nos que se testaron con diverso nivel de éxito estratexias de loita contra unha praga de roedores que, a través de galerías subterráneas, comen desde a raíz as plantas herbáceas que brotan da superficie.

"Os danos son cuantiosos, pois estamos a falar dun roedor cun tamaño lixeiramente superior ao dun topo común e que se reproduce durante todo o ano",


O estudo avala o uso de 'caimomas' de depredadores para provocar estrés e alterar os ciclos reprodutivos deste roedor herbívoro, como posible estratexia para avanzar no seu control, na progresiva diminución de individuos e a posterior eliminación, se fose o caso

reprodución da rata toupa, cuxo número de individuos segue a multiplicarse, a pesar da posta en marcha doutras estratexias que resultaron ser insuficientes o pouco eficaces, tal e como pode ser o caso da distribución de dispositivos de trampeo nas áreas afectadas ou o incremento de depredadores.

O profesor Sánchez Quinteiro

dixo Sánchez Quinteiro.

A información achegada por Ruiz Rubio constitúe un novo argumento científico que avala a estratexia de loita biolóxica proposta polo profesor Sánchez Quinteiro para combater as pragas de rata toupa, unha liña de traballo que propón o emprego de caimomas de depredadores nas áreas nas que se con-



centran, co obxectivo de alterar a súa existencia e incrementar o seu grao de estrés, o que incidiría negativamente nos seus ciclos reprodutivos e, por conseguinte, provocaría a progresiva diminución da poboación da rata toupa. "Para a rata toupa, as caimomas son como para nós un incendio na casa, provocan unha situación de estrés na que o último que van pensar é en reproducirse", explica Sara Ruiz.

O profesor Sánchez Quinteiro salientou tamén o interese dos resultados da investigación realizada por Sara Ruiz, un traballo que se desenvolveu á par que outros estudos promovidos en Francia sobre a utilidade da comunicación química para combater este tipo pragas de roedores. "Os dos estudos perseguen o mesmo obxectivo", precisa

Sánchez Quinteiro, pero teñen enfoques diferentes, engadiu, pois "mentres os colegas franceses profundan sobre o uso de feromonas que poderían actuar como atracción cara a dispositivos de trampeo, a investigación do grupo de Morfoloxía Animal do Campus Terra da USC céntrase no efecto desestabilizador e no estrés que produce na rata toupa a percepción destas caimomas, en canto que advirten da presenza de depredadores". Así, agradeceron á dirección Xeral de Medio Rural polo apoio seu económico para a realización de traballos de campo e de laboratorio e a colaboración recibida de Aitor Somoano e do seu equipo do seu equipo do Servizo Rexional de Investigación e Desenvolvemento Agroalimentario (Serida) de Asturias.



ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal compañía eléctrica de Galicia. Con máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com



DESEÑOS A MEDIDA

DAMOS FORMA A ESE PROXECTO ESPECIAL

Muebles

Celeiro

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo

Tel.: 982 532 451 - 625 662 962

www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

566.000 euros para acometer as obras para ampliar a depuradora

O Concello de Triacastela vén de firmar un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para ampliar a capacidade da depuradora e poder servir case ao dobre de poboación a través dunha achega de 566.000 euros.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, asinou así coa alcaldesa de Triacastela, María Olga Iglesias, o convenio de colaboración para acometer a mellora da instalación municipal. No acto administrativo de formalización deste acordo participou tamén o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias.

Tal e como se recolle no convenio suscrito, a Xunta, a través de Augas de Galicia, cofinanciará as intervencións cunha achega do 90% do custo, case 510.000 euros, e contratará, executará e dirixirá as obras.

O Concello de Triacastela, pola súa parte, contribuirá ao financiamento do 10% restante, achegando 56.600 euros. A administración local tamén deberá poñer á disposición os terreos necesarios e, ao remate das actuacións, asumirá a súa posta en servizo, explotación e mantemento.

BENEFICIOS. Segundo indicou Vázquez Mourelle o obxectivo da colaboración é aumentar as posibilidades de depuración tendo en conta que a capacidade actual da depuradora non é suficiente para atender á poboación estacional. Ademais, mellorará a calidade das augas do río Oribio que é onde verte a actual depuradora.

O municipio de Triacastela é un punto de atracción turística, punto de fin e partida dunha etapa do Camiño Francés. Esta afluencia considerable de peregrinos, especialmente na primavera e no verán, fai que as insta-



lacións de depuración se poidan ver sobrepasadas nalgún momento.

A actual instalación é unha depuradora de biodiscos que está dimensionada para unha poboación de 350 habitantes. Fronte a isto, as necesidades estímense en torno aos 500 habitantes, e prodúcense incluso picos de maior demanda coa chegada de peregrinos e turistas.

OBRAS PREVISTAS. Así, para incrementar a capacidade de depuración da planta, as obras recollidas no acordo de colaboración asinado prevén a instalación de tanques para a realización de decantación primaria, da que carece a depuradora actual. Os sistemas de desbaste serán, un automático e outro de by-pass manual. O tratamento primario realizarase mediante 2 tanques prefabricados cun volume unitario de 30 metros cúbicos.

Para o novo tratamento secundario instalaranse 2 liñas de biodiscos e un novo decantador lamelar con bombeo de purga dos lodos. Instalaranse dúas bombas, mantendo sempre unha en reserva. A mellora da depuradora completaráse cun novo sistema de desinfección ultravioleta.

Estas actuacións iranse desenvolvendo por partes, comezando polos

traballos para derivar o caudal e os lodos desde o decantador existente ao momento de vertedura para poder demoler o espesador e xerar o espazo necesario para acoller os novos equipos. Despois derivarase o caudal do pretratamento ao novo tratamento secundario e terciario, para demoler o resto de elementos e gañar espazo para instalar a decantación primaria. E, a continuación, instalarase a decantación primaria e as conexións, finalizando cos traballos de urbanización.

Estas actuacións permitirán así aumentar a capacidade da planta de tratamento de augas residuais servindo a case o dobre de poboación, pasando de 350 a 611 habitantes equivalentes.

Unha vez suscrito este acordo, continuarase coa tramitación necesaria, coa consecución da documentación municipal preceptiva para a licitación das obras, co obxectivo de poder iniciar os traballos a finais de ano, cun prazo de execución de 6 meses.

As actuacións serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan Estratégico da Política Común de España 2023-2027 en Galicia.

Mellorado o comedor do Ceip Eduardo Cela Vila



A Consellería de Educación da Xunta de Galicia vén de facer uns cambios no comedor do colexio de Triacastela co fin de mellorar as instalacións desta área do centro educativo.

Así, puxéronse ventás novas, un teito novo e as paredes e os tubos foron pintados para darlle máis cor á estancia onde comen as nenas e os nenos do colexio.

ENTROIDO. A festa de Entroido este ano celebrarase con diferentes actividades que xa comezaron en xaneiro. Estas ac-

tividades, que se prolongarán ata febreiro, no caso do obradoiro de disfraces ata o vindeiro día 8.

Ademais, celebrarase o Día do Entroido o 9 de febreiro de 9.45 a 16.00 horas no colexio, onde haberá obradoiros, xogos, xantar e desfile por Triacastela cos compañeiros do Ceip Samos.

Tamén participarán do desfile de Entroido en Sarria, que terá lugar o domingo 11 e xa o xoves 15 de febreiro celebrarase o Enterro do Ferreiro.



INCLUSIÓN. O alumnado do Ceip de Samos e do Ceip Eduardo Cela Vila de Triacastela desprazouse ata a Casa da Cultura de Sarria co fin de compartir unha actividade inclusiva



- Embutido artesano sin aditivos químicos ni alérgenos.
 - Curación natural con leña de roble (Chorizo, salchichón, lomo, botelo, cachola, panceta, espinazo, lacón, uñas, rabo).
 - Servicio de envíos a domicilio a toda España.
 - Venta en las propias instalaciones.
- Cancelo 17 • Tlf: 636 657 415

En Carnaval, prepara tu cocido con nuestros mejores productos



AEROTERMIA



SUELO RADIANTE



BIOMASA



INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS



**FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.**



C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

DEPORTES

O XXXI Torneo Fútbol Sala Samos será en marzo

O Torneo Fútbol Sala Samos 2024 xa ten data de celebración, xa que os organizadores, do equipo Samos Fútbol Sala anunciaron que serán os vindeiros 28, 29, 30 e 31 de marzo. A través do patrocinio de colaboración do Concello de Samos, o equipo samanense celebrará así a súa XXXI edición, na que haberá diferentes premios: para o primeiro equipo levará 1.5000 puntos e trofeo, o segundo conseguirá 750 puntos e trofeo, o terceiro 400 puntos e trofeo e o cuarto 250 puntos e trofeo. A cota de inscrición será de 150 puntos e inclúe o seguro dos xogadores, que deberán apun-

tarse na lista de equipos ata o vindeiro 26 de marzo ás 14.00 horas, e o mesmo día terá lugar o sorteo de equipos ás 21.00 horas na Adegua-Cafetería Abadía Samos.

TORNEO SAN JUAN. Os organizadores do Torneo de Fútbol Sala San Juan 2024 de Sarria poñeranse cos preparativos nos próximos días co fin de organizar unha nova edición como a do ano anterior. Din que “tras os éxitos do ano pasado en San Xoán e o do torneo de Nadal queremos volver organizar un torneo así, que será os días 21, 22 e 23 de xuño, coincidindo co San Xoán”.

O sarriao Gussy competirá no campionato do mundo de snooker

Juan Pedro Durán, máis coñecido como Gussy, participará en Albania o campionato do mundo de snooker da World Snooker Federation, sendo o sarriao o único español convocado para facelo.

Gussy vén de competir os días 18 e 21 en Valencia nos campionatos nacionais de snooker, nos que conseguiu a medalla de bronce, polo que foi chamado para participar no mundial. Así, o evento terá lugar en Golem desde este sábado e ata o 11 de febreiro, momento no que 200 xogadores profesionais de todo o mundo competirán por conseguir o título mundial da federación, cun premio dun-

ha tarxeta de profesional para o circuito da WSF.

Neste mundial Gussy enfrontarase ao tailandés Wiphu Phuthisabodi, o libio Seraj Eldughrey, o albanés Elmehdi Faggane e o inflés Tony Knowles.

Pola súa parte, Gussy sostén que o seu obxectivo é dar a súa mellor versión e nivel de xogo e analizar o seu progreso despois de tres anos dedicados á disciplina “máis difícil do billar”.

CLUB DE BILLAR. O Club de Billar Snooker Sarria segue promovendo as escolas deportivas de billar nas modalidades de snooker e pool un ano máis no municipio.

Así, abriuse un prazo de inscrición ata finais do mes de xaneiro para que as persoas que queiran poidan apuntarse a estas escolas de billar, tanto nenos como adultos, como xa o fixeron o ano pasado.

Desta maneira, a intención é poder comezar coa actividade lectiva a mediados de febreiro e rematar en xuño coas festas do San Xoán.

Ademais, o Club Billar Snooker Sarria ten como atractivo que este ano volve ser sede nacional da Liga Nacional de Snooker e ademais este ano é o encargado de organizar o campionato galego de snooker, que terá lugar nas instalacións do club sarriao.

O Campionato de Descenso DH Molinos xa ten data

O Campionato de Descenso deste ano 2024 DH Molinos terá lugar, un ano máis, nos montes do Concello do Páramo dentro da Copa Galicia da Federación Galega de Ciclismo.

Así, este ano será o vindeiro 23 de marzo, xornada na que terán lugar os remontes, de 09.00 a 14.00 horas, a manga clasificatoria, ás 15.00 horas, e a manga final, ás 16.30 horas.

O DHG Team Galicia, que organiza esta iniciativa cada ano, animan a participar neste evento no que haberá premios para



os gañadores, que no ano anterior foron Marco Veiga Amado, Iván Mourelo e Víctor Mariño.

O Gran Camiño pasará pola comarca de Sarria



O vicepresidente da Deputación de Lugo e deputado de Deportes Efrén Castro participou na presentación do percorrido da volta ciclista profesional O Gran Camiño que, por terceiro ano consecutivo, traerá á provincia de Lugo os mellores equipos e ciclistas internacionais, co patrocinio da

área de Deportes.

Así, o 23 de febreiro pasará por Taboada -saída da etapa-, Monterroso, Palas de Rei, Guntín, Portomarín, Paradela, O Saviñao e Chantada -chegada- completan o itinerario lucense da proba, que concede especial protagonismo ás ribeiras do Miño.

O 17 de febreiro serán as III Xornadas técnicas de pesca a mosca en Láncara

O Clube de Pesca Río Neira de Láncara organiza as terceiras xornadas técnicas de pesca a mosca o vindeiro sábado 17 de febreiro.

A xornada, que comezará ás 10.00 horas no local polifuncional da Pobra de San Xiao, será de balde e incluírá exposición e venda de materiais así como impresión 3D en directo.

Despois da mañá pescando, os participantes poderán xantar todos xuntos o cocido na Taberna Airexe para o que haberá que apuntarse con antelación.

Mateo Fernández, da AC Taekwondo Sarria, acadou unha prata

A AC Taekwondo Sarria participou no seu primeiro campionato Galego absoluto que tivo lugar en Monforte con Mateo Fernández, que competiu en categoría júnior masculino.

Para Mateo, esta era a primeira competición nesta categoría e con cinto negro, e desde o club afirman que fixo un “traballo espectacular que lle permitiu alzarse coa medalla de prata na súa categoría, detrás de Aitor teijero, do Club Neka.

O seu adestrador dixo que “para nós como club é un orgullo lograr este resultado no noso primeiro campionato”.

C-27-000501

logopedia Centro de **Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?**

M^a del Mar Tourón

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

DEPUTACIÓN

Arranca o programa Xunt@s, unhas xornadas temáticas de lecer

A Deputación vén de poñer en marcha o programa Xunt@s, de actividades gratuítas, de lecer e formativas para contribuir ao envellecemento activo no rural, “para enriquecer a oferta de ocio e cultural dos pequenos concellos e, polo tanto, para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas, un factor determinante para fixar poboación no territorio”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, anunciou que esta iniciativa, á que a Deputación destina un total de 91.000 euros e que está organizada da man dos concellos, consiste nunha serie de 125 xornadas temáticas gratuítas, que se celebrarán ata a primavera por toda a provincia, e que teñen que ver coa saúde,

co deporte ou coas novas tecnoloxías. Explicou García Porto que o xoves pola tarde tivo lugar a primeira destas actividades do programa Xunt@s, en Pedrafita do Cebreiro, e para este mes están previstas outras 13 xornadas, nos concellos de Trabada, Antas de Ulla, Taboada, Navia de Suarna, A Pontenova, A Fonsagrada e Guitiriz.

“Este tipo de actividades fomentan a interacción da xente e contribúen a fortalecer os lazos da comunidade”, valorou a deputada, para quen “a propia temática das xornadas favorecerá os hábitos de vida saudable, a práctica de actividade física, educar en prevención ou romper a brecha dixital integrando as novas tecnoloxías na vida diaria da xente”.

NOVA DEPUTADA



A alcaldesa de Burela, Carmela López Moreno, tomou posesión no Pleno como deputada provincial, asumindo a área de Economía, Recadación, Fazenda e Especial de Contas. López Moreno prometeu o seu cargo e amouse ilusionada e con moitas ganas de iniciar esta nova etapa “para traballar de xeito decidido dende a Deputación por e para Burela, pola Mariña e para o conxunto da provincia”. Ademais, o deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, pasará a asumir ademais a delegación de Vías e Obras.

O Pleno esixe á Xunta “que poña fin á destrución da sanidade”

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia que poña fin á destrución da sanidade pública dotándoa de máis investimentos e máis persoal. Así se acordou no Pleno a través dunha proposta do Goberno que recollía o apoio da institución á plataforma SOS Sanidade Pública para recuperar a atención primaria e que contou cos votos a favor do PSdeG e do BNG e os votos en contra do PP. Ademais, aprobouse unha moción dos socialistas reclamando a redución das listas de espera e a recuperación dos cadros de persoal, contra o que o Partido Popular tamén votou en contra.

“A sanidade está no peor momento da etapa democrática en Galicia, nunca tan mal estivo”, valorou o Presidente, José Tomé Roca, que sinalou que na etapa de Touriño a atención primaria era no mesmo día e que hoxe a espera mínima para ter cita é de tres semanas, o que deriva na sobrecarga das urgencias. E nese sentido recordou o mandatario provincial que hai 900 profesionais menos que no 2009 na sanidade pública galega e apuntou á responsabilidade da mala xestión do Executivo galego, quen non convoca prazas e precarizou as condicións laborais dos profesionais. Durante a sesión provincial, a voceira socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, sinalou que a intención da sociedade galega “de volver saír á rúa de xeito masivo para defender a sanidade pública, o dereito dos galegos e galegas a unha atención sanitaria universal e a dignidade nas condicións laborais dos profesionais do sector”.



Explicou García Porto que “no caso dos lucenses achegaremos ademais a nosa demanda de que se reverta o desmantelamento da sanidade no rural, que está a xerar unha fenda entre cidadáns de primeira e de segunda”, engadiu.

Puxo cifras ao desmantelamento da sanidade, asegurando que Galicia ten hoxe 900 profesionais sanitarios menos, 900 camas hospitalarias menos e inviste 130 millóns de euros menos en sanidade que en tempos do Goberno de Touriño. Tamén destacou que hai uns 1.500 profesionais ás portas da xubilación en Galicia, como os 289 médicos que cumpriron 65 anos na provincia de Lugo entre 2018 e 2022 sen que o Sergas tomase medidas para repoñer os cadros de persoal.

Lamentou que da recomendación da Organización Mundial da Saúde (OMS), de que o 25 % do gasto sanitario se destine á Atención Primaria, en Galicia cae ata o 14 %. “Os nosos veciños e veciñas esperan de media entre 15 e 25 días para ser atendi-

dos polo seu médico de cabeceira”, e lembrou aos 11.000 nenos e nenas que non teñen pediatra en Galicia, 46.000 persoas esperando por unha intervención sanitaria e outras 120.000 que agardan por unha proba diagnóstica.

Outras demandas que a Deputación fará chegar á Xunta en materia sanitaria é a necesidade de poñer en marcha un plan de choque en Atención Primaria que garanta a cita no médico de cabeceira nun prazo non superior ás 48 horas; medidas para recuperar os cadros de persoal e a reapertura de todos os centros; un plan de captación de médicos de especialidades como Pediatría, “cun déficit crónico en toda a provincia”; incluír a Saúde Mental na Atención Primaria; reducir as listas de espera; e tamén un plan de melloras nos modelos de contratación que remate coa precariedade actual.

O portavoz do BNG na Deputación, Daniel García, amosou o apoio da formación nacionalista á manifestación pola sanidade pública.

COMPRA-VENTA DE MADERA
Más de 30 años en el sector

MANUEL DÍAZ DÍAZ
MADERAS PENEDO

¡Venda su madera!!!

Llámenos sin compromiso.

Trabajamos toda la comarca de Sarria.
Nosotros nos encargamos de todo.

Tels.: 616008540 • 619678989

Grallas, 13 - O Paramo

PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Os castros de Láncara

O colectivo Patrimonio Os Ancares descubriu os castros do núcleo de Ariz e outro nas proximidades do núcleo de Vilarello de Abaixo

A provincia de Lugo conta cuns 1.300 castros catalogados e a comarca de Sarria dispón de grandes e importantes elementos arqueolóxicos que, moitos, son patrimonio. Tan só no Concello de Láncara hai 37 castros rexistrados en diferentes estados de conservación.

Concretamente, son os castros de Armea de Arriba e Leirado (Armea), Reboredo (Bande), Trascastro ou A Croa (Carracedo); Castrodello, A Eirexe, Saa, Suaxe (Cedrón); Lagos ou Santalla (Santalla-Lagos), As Croas ou A Ermida (A Lama), A Croa e Láncara (Láncara), A Croa do Castro de Ribeiro (Sambreixo-Muro), A Eirexe (Muro), Airexe e Carballada (Neira de Cabaleiros), O Castro (Ariz-Pobra de San Xiao), Río e Viládiga (Río), Rañoá (O Barrio-Ronfe), A Croa (As Cortes-Ronfe), Ronfe (Ronfe), Monte Illoa (Souto de Ferradal); Aixor, A Capela ou Gradín, Eirexe (Toirán); Toldaos (Toldaos), O Mouro (Toldaos), Croa de Mourillón (Toubille), Tallón (Trasliste), Vilaesteva (Vilaesteva), A Ermida (Vilaleo); O Bandón, Monte das Penas, A Penela e A Poza Grande (Vilarello); A Croa do Castro (Vilarello de Arriba-Vilarello) e Vilouzán (Vilouzán).

Un castro é un poboado fortificado, polo xeral da época prerromana, protexido por un ou máis fosos, parapetos e murallas que bordean o recinto habitado, que na antigüidade adoitaba ter nos seus accesos un torreón que

controlaba as vías de entrada. En tempo de conflitos, a xente que vivía en campo aberto trasladábase a estas construcións, situadas en lugares estratéxicos co fin de garantir a súa seguridade, controlar o territorio, vixiar... e estaban dispostos en lugares estratéxicos para permitir a comunicación entre os habitantes e outros veciños doutros castros.

Os últimos que o Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia catalogou, grazas aos achados do colectivo Patrimonio dous Ancares, son un no núcleo de Ariz, na parroquia da Pobra de San Xiao e outro na parroquia de Vilarello, nas proximidades do núcleo de Vilarello de Abaixo. Estes dous foron despois foron catalogados como patrimonio polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta.

CASTRO DE ARIZ. Con respecto ao castro de Ariz, este atópase a 449 metros de altitude, nun pequeno outeiro por riba de Ariz, moi próximo ao límite co Concello do Corgo.

O estado de conservación do ben é relativamente bo, mantendo case completa a súa configuración, excepto un tramo polo oeste no que perdeu as defensas.

O castro ten unha antigüidade duns 2.000 anos e é de forma ovalada, cunhas medidas aproximadas de 82 por 73 metros de diámetro.

Con respecto ao recinto, este está protexido por unha muralla

que chega a alcanzar nalgúns zonas os tres metros de altura e está rodeado por un foso que nalgúns partes ten unha anchura de oito metros.

CASTRO DE VILARELLO. Neste caso, os restos achados polo colectivo do xacemento están a uns 510 metros sobre o nivel do mar, no medio dunha carba-

lleira e forman un círculo duns 90 metros de diámetro, e están emprazados sobre un terraplén pronunciado.

Entre as infraestruturas conservadas atópanse unha muralla exterior, outra interior, con máis de catro metros nalgún tramo, e un foso que as rodea, doutros catro metros de ancho. Preto da zona, a uns 500 metros,

está emprazada unha necrópole megalítica formada por cinco túmulos. Con este novo castro xa son catro os catalogados na mesma parroquia de Vilarello. Son A Poza Grande, A Penela e o Monte das Penas.

Nos castros atopáronse tamén diversos obxectos interesantes, como pezas metálicas, torques, e fragmentos.



MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarello.es